

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION ORDINARIA DO 24 DE SETEMBRO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Silva Rego, M^a Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaseis minutos do día vinte e catro de setembro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Davila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Veloso

Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días señoras e señores concelleiros. Procedemos a iniciar o Pleno de sesión ordinaria convocado para o día de hoxe ao remataren o Pleno Extraordinario convocado para as 9,00 horas. Constátase quórum e, aberta a sesión pública, procédese coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.- ACTAS ANTERIORES.

Non se presentaron.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.1.-(170).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO PP, PSDEG-PSOE E BNG, DECLARANDO A CIDADE DE VIGO COMO “LOCALIDADE SOLIDARIA CO ALZHEIMER”.

ANTECEDENTES.- De conformidade co acordado na Xunta de Voceiros que tivo lugar o día 20 setembro de 2012, os voceiros dos grupos municipais Sres. Figueroa Vila polo Grupo Popular, López Font polo Grupo do PSdeG-PSOE, e Domínguez Olveira polo grupo do Bloque Nacionalista Galego, elevan ao Pleno da Corporación a seguinte declaración institucional:

“Conscientes de que o Alzheimer é a demencia con maior prevalencia que afecta en Galicia a 400.000 de persoas entre enfermos e familiares e que, debido ao aumento da esperanza de vida da poboación, nos próximos vinte anos verá duplicada a súa incidencia, sendo este un problema especialmente grave en Galicia

polo especial avellentamento e dispersión da poboación.

Conscientes de que o Alzheimer é un problema socio-sanitario debido á inexistencia de tratamentos efectivos e posibilidades de prevención,

Conscientes de que a abordaxe desta enfermidade -que ten un custo anual medio de máis de 30.000 euros- recae principalmente nas familias e que a dotación de recursos socio-sanitarios específicos para afrontar as necesidades das persoas enfermas e das súas familias é escasa.

Conscientes de que, a pesar das diferentes recomendacións formuladas dende diversos órganos nacionais e internacionais e do recoñecemento da importancia desta problemática, na comunidade galega mediante a declaración do ano 2012 Ano Galego do Alzheimer, non existe un plan autonómico especificamente dirixido a paliar os efectos desta enfermidade.

E sabedores/as de que a poboación de Vigo está a envellecer e que iso leva consigo importantes riscos á hora de adquirir ou padecer unha demencia (sobre todo tipo Alzheimer).

O Concello de Vigo quere facer constar o seu compromiso con este problema de primeira magnitude declarándose "Localidade Solidaria co Alzheimer".

Con este xesto institucional queremos servir de exemplo a outros municipios e apoiar á sensibilización e concienciación da sociedade, institucións e cargos públicos sobre este problema socio-sanitario de primeira magnitude.

Ratificando esta Declaración, o municipio de Vigo como "Localidade Solidaria co Alzheimer", apoia a iniciativa liderada pola Alianza polo Alzheimer que reivindica a posta en marcha dunha política de estado de Alzheimer."

A anterior declaración institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.-(171).- PROPOSTA DE FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2013. EXPTE. 523/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de saída do 2 de agosto, número 78690, o Servizo de Relacións Laborais da xefatura territorial da Consellería de Traballo en Vigo, solicita a este Concello a remisión da proposta de festividades locais antes do

día 30 do mesmo mes.

Con data 5 de setembro o concelleiro delegado de Xestión Municipal, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que indica que corresponde ao Pleno da Corporación a adopción de acordo fixando as festividades locais, propón que, tendo en conta que a festividade do Día da Reconquista desta cidade, 28 de marzo, coincide co día de Xoves Santo, pasar esta festividade para o día 1 de abril, deixando como festivo local o día 16 de agosto, festividade de San Roque

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 17 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior proposta.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: A proposta acordada cos grupos é que os días non laborables en Vigo sexan o día 1 de abril, dado que a Reconquista, que é o día tradicional que acostumamos a facer festivo non laborable, é Xoves Santo e mantense o día 16 de agosto, venres, San Roque.

Quero aclarar que a celebración do Día da Reconquista manterase o día 28. Non se cambia polo tanto nin a celebración, nin como é natural a festividade, pero ao seren festivo se procede a pasar ese día non laborable ao día 1 de abril.

(Non está presente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada polo concelleiro delegado de Xestión Municipal con data 5 de setembro e, xa que logo, declarar festivos locais no municipio de Vigo ás seguintes datas:

- Día 1 de abril, por coincidir o 28 de marzo, Festa da Reconquista da Cidade, na festividade de Xoves Santo.

- Día 16 de agosto, festividade de San Roque.

3.2.-(172).- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 14113/444 (514/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 18 de xuño de 2012, o xefe dos Servizos Enerxéticos, coa conformidade do Asesor Xurídico da Área de Fomento, informa do que segue:

“Dentro das competencias que o artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (no sucesivo, LBRL) atribúelle ao municipio, inclúese no seu apartado I), o alumeado público, que consiste na instalación e mantemento da iluminación nas vías e espazos públicos e, nese senso, o Concello é o encargado de manter en estado de correcto funcionamento as instalacións eléctricas de iluminación exterior en espazos públicos e a vixilancia de control da súa instalación e mantemento en espazos privados. No mesmo senso tamén o artigo 26 seguinte inclúe o alumeado público como un servizo obrigatorio que deben prestar todos os municipios, por si ou asociados.

Con este obxectivo os Servizos Enerxéticos do Concello, en colaboración coa Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI), elaborou o proxecto de Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior no termo municipal de Vigo para adaptar á regulación vixente á nova normativa ditada na materia e procurar que o servizo se preste do xeito máis eficiente.

O proxecto de Ordenanza consta de 7 capítulos, 40 artigos, 3 disposicións transitorias, 1 disposición adicional, 1 disposición final e 3 anexos.

En canto ao contido do proxecto, o capítulo I refírese a disposicións xerais; o capítulo II a réxime regulador das instalacións de iluminación exterior; o capítulo III a características das instalacións de iluminación exterior; o capítulo IV a control de calidade; o capítulo V a recepción das instalacións; o capítulo VI a prestación de servizos enerxéticos e o capítulo VII ao réxime sancionador.

En canto ás 3 disposicións transitorias refírense á adaptación das instalacións actuais a esta Ordenanza e ao réxime de horarios que a mesma establece; así como no que se refire ao alumeado festivo, a adaptación da potencia instalada á mesma.

A disposición adicional refírese á posibilidade de que a Xunta de Goberno Local poida, por motivos de interese público, eximir do cumprimento dalgúns aspectos da Ordenanza.

A disposición final refírese á entrada en vigor da Ordenanza.

Por último, os anexos refírense a niveis de iluminación, o I; control de calidade, o II e a figuras e esquemas o III.”

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante propón a aprobación do proxecto de ordenanza e continuar coa tramitación pertinente.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 3 de agosto, acordou aprobar a anterior proposta.

Con data 12 de setembro o secretario xeral do Pleno certifica que, durante o prazo de seis días concedido aos grupos políticos municipais, segundo o artigo 90 do Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, non se presentou nesta Secretaría Xeral do Pleno ningunha emenda ao texto da ordenanza presentado.

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do día 17 de setembro, ditamina na forma que figura na parte dispositiva deste acordo.

INTERVENCIÓN DO SR. ARAÚJO PEREIRA: En primeiro lugar dar as grazas a todos os que traballaron na elaboración desta ordenanza e tamén a felicitación pola súa redacción porque cremos que é absolutamente necesaria para esta cidade para cumprir os regulamentos nacionais e europeos.

Pero queremos amosar a nosa postura e o noso voto de abstención porque hai algúns puntos que coidamos que se poden mellorar. Tal é o artigo 7, Obxecto, que di que co obxectivo de cumprir a normativa vixente establécense eses mínimos controis que debe efectuar un organismo de certificación autorizada, unha OCA; non se regula o volume de obra co que pode haber obras pequenas a nivel particular ás que se lle poida esixir unha certificación por OCA. Pensamos que nunha iluminación de fachada nunha casa igual é excesivo. Tampouco se fai unha cobertura de riscos segundo o volume de obra e tamén se sobe do 2% ao 4% a fianza.

Hai algunhas cousas que se poderían mellorar.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do

PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro:

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior no termo municipal de Vigo, integrada por 7 capítulos, 40 artigos, 3 disposicións transitorias, 1 disposición adicional, 1 disposición final e 3 anexos, co texto que figura no expediente debidamente dilixenciado pola Secretaría Xeral do Pleno.

Segundo.- Someter a ordenanza a exposición pública polo prazo de 15 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, taboleiro do Concello e prensa local para exame e presentación de reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- No caso de existir reclamacións ou alegacións, estas resolveranse e elevarase de novo a ordenanza ao Pleno para aprobación definitiva.

Cuarto.- No caso de non existir reclamacións ou alegacións no período sinalado para exposición pública, entenderase aprobada definitivamente e publicarase no BOP o acordo de aprobación.

3.3.-(173).- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 525/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito con data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de setembro de 2012, a presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo presenta expediente de modificación dos estatutos do citado Consorcio, aprobados inicialmente polo seu Consello de Administración en data 31 de maio, unha vez rematado o prazo de exposición pública, para a súa aprobación polo Pleno deste Concello coma ente consorciado.

Con data 13 de setembro o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe:

“LEXISLACIÓN APLICABLE:

- LBRL. Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- LALGA. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo.

ANTECEDENTES:

En data 12 de setembro ten entrada no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno escrito da Presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo polo que remite o expediente incoado para a aprobación da modificación dos Estatutos de dito ente local.

No expediente consta: (i) acordo do Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo de data 31.05.2012, onde por unanimidade se aprobou inicialmente a modificación proposta; (ii) anuncio inserido no BOP do día 13.06.2012 expoñendo polo prazo dun mes o acordo de aprobación inicial; (iii) informe favorable da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, adoptado en data 15.06.2012, respecto da modificación proposta; (iii) informe favorable de data 05.07.2012, da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; e (iv) certificado da secretaria do Consorcio Casco Vello de data 19.07.2012 no que consta que no período de información pública non se presentaron alegacións ou reclamacións á aprobación inicial da modificación.

A LALGA, no seu artigo 151, advirte que na modificación dos Estatutos dun Consorcio Local seguiranse as regras sinaladas nos artigos 143 e 144 para a modificación dos estatutos das mancomunidades de municipios. Pois ben, o artigo 143 c) sinala que rematado o prazo de exposición pública, a proposta de modificación someterase a acordo dos Plenos dos Concellos mancomunados (consorciados) e que tal acordo requirirá do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

A LBRL no seu artigo 122.5.e) 2º sinala que será preceptivo o asesoramento legal o Pleno do Concello (informe da Secretaría Xeral) sempre que se trate de asuntos sobre materias para as que se esixa unha maioría especial. O artigo 123.2 da LBRL, lexislación básica, sinala os acordos que requiren maioría absoluta nos municipios de gran poboación, entre eles non consta a modificación dos estatutos das mancomunidades ou consorcios nos que se integre o Concello, é mais, o segundo parágrafo deste precepto advirte, “(...) os demais acordos adoptaranse por maioría simple de votos (...)”, polo que cabe concluír que este precepto derroga a previsión do quórum contemplado no artigo 143 c) da LALGA sendo en consecuencia suficiente para a adopción do acordo que se propón a maioría simple de votos.

Non obstante o exposto se emite o seguinte,

INFORME

A modificación, segundo o acordo de aprobación inicial do Consello de Administración do Consorcio de data 31.05.2012, concrétase na totalidade do articulado dos vixentes Estatutos conforme redacción que se achega onde consta, en cor amarela clara, a nova redacción proposta.

Os aspectos mais relevantes concrétanse (i) no detalle dos fins de rehabilitación dos inmobles do Casco Vello de Vigo, artigo 4; no procedemento para a incorporación de novos membros, artigo 6; (ii) na designación da Presidencia do Consorcio, artigo 11, que será desempeñada sempre pola persoa titular da Consellería con competencias en materia de vivenda; (iii) na composición e atribucións do Consello Consultivo, agora denominado Comité Executivo, artigos 16, 17 18 e 19; (iv) nas atribucións/funcións do Xerente do consorcio, artigo 22; e (v) nas causas de disolución do Consorcio, artigo 41.”

Polo anteriormente exposto, o secretario xeral do Pleno emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 17 de setembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo segundo redacción sinalada no acordo do Consello de Administración dese ente local de data 31.05.2012, que se transcribe ao final deste acordo.

Segundo.- Remitir certificación do acordo adoptado ao Consorcio Casco Vello de Vigo ao obxecto de continuar coa tramitación do expediente.

MODIFICACIÓN ESTATUTOS DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO

TÍTULO I

Natureza, obxecto e domicilio

Artigo 1.- Constitución

O Consorcio Casco Vello de Vigo, creado en virtude do convenio de data 3 de febreiro de 2005, subscrito pola Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo e modificado por convenio de 1 de outubro de 2007, constitúe una entidade *consorciada* (asociada) de carácter interadministrativo integrada pola Xunta de Galicia, a través do IGVS, e o Concello de Vigo.

Artigo 2.- Natureza.

O Consorcio regulado nestes estatutos constitúe unha entidade local de dereito público de carácter asociativo, dotada de personalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins. O Consorcio rexerese por estes estatutos e polo previsto na normativa específica que lle resulte de aplicación.

Artigo 3.- Obxecto.

O consorcio constitúese co obxecto de articular a cooperación económica, técnica e administrativa entre as administracións consorciadas (asociadas) a propósito de exercer de forma conxunta e coordinada os fins que lle son propios.

Artigo 4.- Fins.

1.- O fin esencial do consorcio é levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan especial de protección e reforma interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo, unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ao proceso de recuperación da súa Área de Rehabilitación Integrada (ARI), mediante a adquisición de terreos, ou mediante a adquisición de construcións para a súa posterior rehabilitación, ou calquera actividade que poida ter por obxecto a rehabilitación do Casco vello.

A rehabilitación dos inmobles realizarase tendo en conta que terán como destino prioritario o de vivendas preferentemente acollidas a algún réxime de protección pública, podendo, en todo caso, destinarse algúns inmobles a outros usos o a dotacións públicas.

2.- Serán actuacións do consorcio:

- a) Xestionar a adquisición dos edificios e solares
- b) Contratación da redacción dos proxectos de rehabilitación e urbanización.
- c) Contratación da execución das obras de rehabilitación, construción e urbanización.
- d) Contratación das obras de urbanización e adecuación dos espazos resultantes.

Artigo 5.- Atribucións.

1.- O consorcio, para a execución do fin sinalado, poderá desenvolver as seguintes actuacións:

- a) Elaboración e tramitación dun plan de actuación que defina as directrices da política que seguir, a programación dos obxectivos e a supervisión dos correspondentes proxectos.
- b) Realizar cantos contratos ou convenios con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sexan precisas para o desenvolvemento dos seus fins.
- c) A captación de cuantos recursos económicos sexan necesarios para o financiamento das actividades e planes propios do consorcio.
- d) Dentro da esfera das súas competencias poderá exercer a potestade tributaria referida ao establecemento de taxas, así mesmo, poderá fixar prezos públicos.
- e) Calquera outras que, con subxección á lexislación vixente, podan garantir o cumprimento do fin sinalado.

2.- O consorcio, para a consecución do fin asinado, asemade de resultar beneficiario das expropiacións que a súa instancia instrúa o Concello de Vigo, poderá realizar toda clase de actos de xestión e disposición: adquirir, allear, posuír, reivindicar, permutar, gravar e hipotecar todo tipo de bens; aceptar legados e doazóns; obrigarse e establecer contratos de calquera natureza; concertar créditos; executar accións e iinterpoñer recursos de toda clase. Todo iso dentro dos límites e con suxeición aos presentes estatutos e ao ordenamento xurídico vixente.

En todo caso poderá vender os bens, co acordo do Consello de Administración, directamente a unha administración pública.

O produto obtido da explotación ou alleamento dos inmobles aplicarase no financiamento das actividades de recuperación do Casco Vello propias do consorcio.

3.- As actuacións desenvolveranse con economía e eficiencia e baixo os criterios de economía, racionalidade, eficacia e rendibilidade na xestión, así como os de publicidade, transparencia e concorrencia e obxectividade na explotación e alleamento, no que resulte compatible co cumprimento dos fins de utilidade pública e interese social do consorcio e a política de vivenda definida por parte das administracións competentes.

4.- Na imaxe corporativa do consorcio, anuncios e acto de carácter público que realice o consorcio estarán representadas as administracións consorciadas (asociadas).

Artigo 6.- Duración.

1.- Sen prexuízo do disposto nestes estatutos sobre a súa disolución, o consorcio manterase vixente ata o 30 de decembro de 2017. Poderá ser prorrogada a súa vixencia, dentro dos seis meses anteriores á data da súa disolución, por transcurso do prazo legal de existencia por convenio entre as partes. No dito convenio determinarase o período de prórroga e os efectos acordados para esta.

2.- Se fose o caso de que se entendesen terminadas as actuacións que constitúen o seu obxecto social, a finalidade do consorcio e do convido entenderase cumprida, e procederase á súa disolución. Será competencia de cada ente consorciado a xestión ou adxudicación dos edificios, locais ou vivendas resultantes en función do seu uso tendo en conta as achegas feitas.

Artigo 7.- Domicilio.

O consorcio fixa a súa sede na cidade de Vigo e o seu domicilio provisional na praza da Princesa, sen prexuízo de que o Consello de Administración o localice definitivamente dentro do ámbito territorial no que se levarán a cabo os fins previstos.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, os seus órganos colexiados poderán reunirse, cando así o acorden expresa e xustificadamente, en lugar distinto ao do domicilio.

Artigo 8.- Membros

1.- Como entidade de dereito público de carácter asociativo, o consorcio constitúeno como membros fundadores as administracións citadas no artigo 1 e que subscribirán o convenio de prórroga, tendo quedado fixadas as súas respectivas participacións, representativas das súas achegas nas seguintes porcentaxes:

- Instituto Galego da Vivenda e Solo: noventa por cento (90%)
- Concello de Vigo: dez por cento (10%)

2.- A incorporación de novos membros realizarase trala solicitude destes e logo de aceptaren as condicións de admisión e achegas que, de ser o caso, o consorcio estableza. A dita incorporación será efectiva logo de aceptaren de xeito fidedigno as ditas condicións e estes estatutos e logo de subscribir e modificar o convenio vixente nese momento.

Artigo 9.- Coordinación interadministrativa.

No exercicio das súas funcións, o consorcio procurará en todo momento a coordinación da súas actuacións coa administración municipal do Concello de Vigo e cos órganos competentes da administración da comunidade autónoma en materia de vivenda o cos organismos autónomos ou entes públicos dependentes ou relacionados con estas administracións, todo isto co fin de lograr a maior coherencia e eficiencia nas actuacións que se leven a cabo.

TÍTULO II

ORGANIZACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

CAPÍTULO I ORGANIZACIÓN

Artigo 10.- Órganos.

A estrutura organizativa do consorcio constitúena os seguintes órganos:

- Presidencia do consorcio.
- Vicepresidencia
- Consello de Administración
- Comité Executivo
- Xerencia Sección primeira
- Presidencia e Vicepresidencia do Consorcio

Artigo 11.- Designación.

1.- A Presidencia do consorcio será exercida pola persoa titular da consellería con competencias en materia de vivenda, podendo este nomear a outra persoa para desempeñar o cargo que, en todo caso, debe recaer nun membro do consello.

2.- Desempeñará a vicepresidencia un membro do consello en representación do Concello de Vigo

Artigo 12.- Atribucións da Presidencia

Correspóndenlle á Presidencia do consorcio as seguintes atribucións:

- a) Exercer a representación legal e institucional do consorcio ante calquera entidades e institucións de dereito público ou privado así como persoas físicas o xurídicas e conferir as autorizacións de representación necesarias.
- b) Presidir as reunións do Concello de Administración, ordenar a convocatoria das súas sesións, fixar a orde do día e dirixir as deliberacións.
- c) Velar polo exacto cumprimento dos preceptos dos estatutos, dos acordos adoptados polo Consello de Administración e, en xeral, das normas legais aplicables en cada caso.
- d) Exercer, nos casos de urxencia, as accións xudiciais e administrativas precisas para a defensa dos dereitos do consorcio, dándolle conta ao Consello de Administración na primeira sesión que teña lugar.
- e) Autorizar e dispoñer os gastos correntes incluídos no presuposto ata o límite máximo que se determine nas bases de execución do presuposto en cada exercicio. Aceptar as subvencións, dándolle conta ao Consello de Administración. Actuará coma órgano de contratación naqueles contratos cuxo prezo non supere os 60.000 euros.
- f) Recoñecer e liquidar obrigas e ordenar pagamentos.
- g) Aprobar transferencias e as xeracións de créditos nas contías que determine o Consello de Administración.
- h) Aprobar a liquidación do presuposto e a incorporación de remanentes.
- i) Inspeccionar os servizos do consorcio e exercer a alta xefatura administrativa.
- j) Autorizar, co seu visto e praxe, as actas das reunións, as certificacións e as contas e inventarios de bens.

Artigo 13.- Atribucións da Vicepresidencia

O vicepresidente substituirá ao presidente na totalidade das súas funcións nos casos de ausencia, enfermidade u outra causa legal.

Así mesmo, asumirá as atribucións da presidencia que con carácter temporal ou permanente lie sexan expresamente delegadas pola Presidencia.

Sección segunda Consello de Administración

Artigo 14.- Función e composición

1.- O Consello de Administración é o órgano colexiado superior que goberna e dirixe o consorcio e establece as súas directrices de actuación.

2.- O Consello de Administración estará composto por representantes das entidades consorciadas, de acordo coa seguinte distribución:

- A persoa que exerza a Presidencia
- O/a concelleiro/a que exerza a competencia de Urbanismo no ámbito do Casco vello
- Tres concelleiros representantes do Concello de Vigo elixidos polo Pleno en representación dos partidos políticos con presenza na Corporación Municipal.
- Catro representantes do Instituto Galego de Vivenda e Solo designados pola súa Presidencia.

3.- As entidades consorciadas designarán as persoas suplentes da súa representación no Consello de Administración, que substituirán ás titulares en caso de inasistencia.

4.- Asistirán con voz pero sen voto ás sesións do Consello de Administración o xerente, o secretario e o interventor do consorcio.

O cargo de concelleiro non será retribuído, sen prexuízo das indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados que o Consello de Administración poida determinar.

Artigo 15.- Competencias do Consello de Administración

1.- Correspóndenlle ao Consello de Administración as seguintes competencias:

- a) Exercer o goberno e a dirección superior de todos os servizos do consorcio.
- b) Aprobar inicialmente e propoñerlles ás administracións consorciadas/asociadas as modificacións dos estatutos do consorcio e das achegas dos seus membros.
- c) Aprobar a incorporación de novos membros do consorcio así como a separación e a fixación da súas achegas, establecendo os condicións en que deberá levarse a cabo a dita incorporación e separación.

- d) Aprobar a proposta dirixida ás administracións consorciadas/asociadas para a disolución do consorcio e acordar, no seu caso, a liquidación e distribución do seu patrimonio de acordo cos presentes estatutos e a lexislación aplicable.
- e) Aprobar o regulamento orgánico e de funcionamento interno do consorcio
- f) Aceptar as funcións encomendadas ao consorcio por parte das entidades consorciadas ou de calquera administración pública
- g) Aprobar o orzamento anual do consorcio, os plans e programas de actuación, investimento e financiamento.
- h) Aprobar as contas anuais previstas na lexislación vixente.
- i) Establecer a estrutura organizativa dos servizos do consorcio de acordo cos criterios de eficacia e eficiencia que coadxuve á consecución dos fins do consorcio.
- j) O seguimento, avaliación e control da actividade do consorcio e do cumprimento dos compromisos adoptados polos seus membros.
- k) Designar e cesar ao xerente e determinar as condicións para a prestación dos seus servizos por proposta do presidente.
- l) Aprobar o cadro de persoal, a relación de postos de traballo existentes na súa organización, as bases das probas para a selección de persoal, os concursos de provisión de postos de traballo e a oferta de emprego do consorcio, todo isto de conformidade coa normativa vixente.
- m) Actuar como órgano de contratación naqueles contratos cuxo prezo supere os 60.000 euros.
- n) Autorizar e dispoñer gastos dentro dos límites presupostarios determinados nas bases de execución do presuposto anual.
- ñ) Recibir, facerse cargo e administrar, coas limitacións que a lexislación vixente estableza, os bens do consorcio, así como os procedentes de legados o doazóns.
- o) Adquirir e allear toda clase de bens mobles e inmobles no ámbito dos fins propios do consorcio.
- p) Aprobar o exercicio de toda clase de accións administrativas e xudiciais.
- q) Concertar operacións de crédito a medio e longo prazo, así como operacións de tesourería.
- r) Establecer as indemnizacións pola asistencia ás sesións dos órganos colexiados do consorcio.
- s) Calquera outra competencia que non estea atribuída especificamente a outros órganos.

Sección terceira Comité Executivo

Artigo 16.- Composición

O Comité Executivo do consorcio, como órgano de asistencia permanente á presidencia no exercicio de súas funcións estará integrado por:

- O/a presidente/a do consorcio
- O/a vicepresidente/a

- Dous representantes do Instituto Galego de Vivenda e Solo e un representante do Concello de Vigo, membros todos do Consello de administración

As súas sesións asistirán con voz pero sen voto o/a secretario/a o/a interventor/a e o/a xerente/a.

Artigo 17.- Nomeamento

Os membros representantes de cada unha das entidades consorciadas/asociadas serán nomeados polo seu presidente por proposta dos representantes das respectivas entidades consorciadas.

A proposta que se formule deberá incluír a designación de suplentes.

A proposta deberá elevarse á Presidencia dentro dos quince días seguintes de se ter producido a correspondente vacante.

En caso de que non exista acordo entre as representacións das entidades consorciadas para formular a citada proposta, transcorrido o prazo establecido no parágrafo anterior, a Presidencia nomeará como membro do comité executivo a unha/un dos representantes do correspondente entidade consorciada/asociada no Consello de Administración.

Artigo 18.- Atribucións

Ademais da asistencia permanente á Presidencia no exercicio da súas funcións, o Comité Executivo desenvolverá as funcións que lle deleguen a Presidencia ou o Consello de Administración.

Artigo 19.- Quórum

A adopción de acordos sobre materias obxecto de delegación polo Consello de Administración requirirá a mesma maioría que a prevista para a súa aprobación por este órgano.

Artigo 20.- Réxime xurídico

No non previsto nas anteriores normas estarase ao disposto nas normas que rexen a Xunta de Goberno municipal, na normativa reguladora do réxime local.

Sección cuarta Xerencia do Consorcio

Artigo 21.- Xerente

1.- Correspóndelle ao Consello de Administración, acordar a designación e o cesamento da persoa que desempeñe a xerencia do consorcio así como aprobar o

contrato de traballo, no seu caso, que especificará o réxime xurídico ao que queda sometida.

2.- O cargo de xerente do consorcio deberá recaer sobre persoa tecnicamente cualificada.

3.- A retribución do xerente do consorcio será establecida polo Consello de Administración ao aprobar o contrato de traballo correspondente.

Artigo 22.- Funcións e atribucións.

1.- O xerente dirixe a xestión e administración do consorcio sobre a base das directrices establecidas polo Consello de Administración e pola Presidencia en execución daquelas.

2.- Correspóndelle ao xerente exerceras seguintes atribucións:

- a) Elaborar a proposta de estrutura organizativa do consorcio, de conformidade coas necesidades que se deriven dos obxectivos establecidos polo Consello de Administración.
- b) Ostentar a xefatura inmediata do persoal e realizar os actos de xestión que lle son inherentes. Preparar os documentos de proposta dos acordos que corresponda adoptar ao Consello de Administración ou á Presidencia, no seu caso, en materia de recursos humanos e condicións de traballo.
- c) Elaborar, asistido da Intervención, o proxecto de presuposto anual, as propostas de programación, actuación e dos plans de investimento e financiamento, así como a memoria das contas anuais para a súa rendición.
- d) A disposición de gastos e a ordenación de pagamento e cobramentos nos termos que fixe o Consello de Administración
- e) Executar, desenvolver e facer executar os acordos do Consello de Administración e da Presidencia, no ámbito da súas competencias e velar polo cumprimento das normas legais aplicables en cada caso.
- f) Preparar a orde do día do consello e formular propostas de acordos ao Consello de Administración e de resolucións á súa Presidencia nos asuntos correspondentes á execución e desenvolvemento dos plans e programas de actuación, investimento e financiamento, así como do presuposto anual. Executar os acordos do Consello.
- g) Autorizar aqueles pagamentos e cobramentos que se atopan dentro do ámbito das súas competencias segundo os límites sinalados polo consello.
- h) Representar ao Consorcio perante entidades públicas e privadas aos exclusivos efectos de dar curso á tramitación administrativa ordinaria.
- i) Adquirir maquinaria, produtos ou mercadorías, fixando os seus prezos, condicións e forma de pagamento, sempre dentro dos límites fixados polo consello.
- j) Realizar, prorrogar e rescindir contratos mercantís, civís e administrativos que en ningún caso poderán superar a contía de 60.000 euros, segundo límite establecido pola Presidencia.
- k) Todas aquelas atribucións que lle confíran ou deleguen o Consello de Administración e o seu presidente.

Sección quinta Outros órganos e medios persoais

Artigo 23.- Secretario e interventor

1.- Co fin de asegurar unha correcta xestión xurídico-administrativa e económico-financeira, o Consorcio contará cunha secretaría xeral e unha intervención xeral, funcións que poderán ser desempeñadas indistintamente polo mesmo posto de traballo no suposto que así o prevexa a relación de postos de traballo. Corresponde á primeira as funcións de fe pública e de asistencia e asesoramento xurídico dos órganos do consorcio ademais das previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Á intervención xeral corresponderalle a función interventora, de auditoría contable e de manexo e custodia de fondos, valores e demais efectos. Os postos mencionados desempeñaranse por funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

2.- No suposto de que o posto ou postos reservados ao funcionariado citado non se poidan prover polo sistema normal de concurso de méritos, o Consello de Administración poderá propoñerlle á consellería competente, coa observancia dos principios de mérito, capacidade e publicidade, o nomeamento interino de persoa ou persoas que estean en posesión da titulación esixida para o acceso á subescala e categoría á que o posto ou postos pertencen.

Artigo 24.- Persoal.

1.- O consorcio poderá dispoñer do persoal propio, que se rexerá, sen prexuízo do sinalado para os postos de secretario e interventor, pola lexislación laboral vixente nos termos previstos no ordenamento xurídico.

2.- Non obstante, os labores do consorcio poderán ser realizados polo persoal das entidades e administracións integrantes deste, mediante as fórmulas de colaboración ou adscrición que en cada caso se acorden. Esta consideración será tida en conta na correspondente relación de postos de traballo.

CAPÍTULO II

Funcionamento e réxime xurídico Sección primeira Réxime de funcionamento

Artigo 25.- Réxime de sesións

1.- As sesións do Consello de Administración do Consorcio poderán ter carácter ordinario ou extraordinario, terán lugar no domicilio de consorcio, agás o disposto no artigo 3, e non terán carácter público.

2.- Son sesións ordinarias aquelas cunha periodicidade preestablecida; fixarase esta mediante acordo do Consello de Administración. Terá lugar sesión ordinaria, polo menos catro veces ao ano, con motivo da aprobación dos presupostos anuais e da memoria de xestión económica e do balance de actividade. As sesións ordinarias convocáronse, cando menos, con dous días hábiles de antelación, segundo o disposto na normativa de réxime local.

3.- Son sesións extraordinarias as que se convocan pola Presidencia con tal carácter, a iniciativa propia ou a solicitude da cuarta parte dos membros do Consello de Administración. As sesións extraordinarias convocaranse, cando menos, con dous días hábiles de antelación, segundo o disposto na normativa de réxime local.

4.- Son sesións extraordinarias de carácter urxente as convocadas polo presidente cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permitan convocar sesión extraordinaria coa antelación citada na parágrafo anterior.

As sesións extraordinarias de carácter urxente convocaranse coa antelación que permita a urxencia da cuestión e polo medio máis eficaz axeitado e que permita constancia da súa recepción.

Artigo 26 .-Convocatoria.

As convocatorias correspondentes ás sesións ordinarias e extraordinarias do Consello de Administración do consorcio cursaranse de orde do seu presidente; irán acompañadas da orde do día, da acta anterior e sinalaran o día e a hora da primeira e segunda convocatoria, deberá mediar, entre esta e aquela, un prazo mínimo dunha hora.

Artigo 27.- Quórum.

1.- O Consello de Administración quedará validamente constituído, en primeira convocatoria, cando a el concorran o presidente e o secretario, ou quen legalmente lles substitúa, e, cando menos, a metade dos membros do consello con dereito a voto.

2.- En segunda convocatoria quedará validamente constituído cando asistan o presidente e o secretario, ou quen legalmente lles substitúa, e ademais un terzo dos vogais con dereito a voto.

3.- O Consello de Administración poderá reunirse validamente sen necesidade de previa convocatoria cando se atopen presentes a totalidade dos seus membros e así o acorden expresamente, requiríndose, así mesmo, a presenza da ou do secretario.

4.- Nas sesións ordinarias poderán adoptarse acordos sobre asuntos non incluídos na orde do día cando así o solicite algún membro por razóns de urxencia e sexa aprobada a urxencia pola maioría absoluta do número legal de votos do consello.

Artigo 28.- Actas

1.- Levarase un libro de actas das sesións, onde se ha consignar, en cada acta, o lugar, día e hora no que comeza a sesión, os nomes e apelidos do presidente e asistentes, os asuntos sometidos a deliberación e os acordos adoptados, así como o sentido das votacións.

2.- As actas serán autorizadas coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente.

3.- Ademais do libro de actas do Consello de Administración, existirá un libro de actas por cada órgano colexiado, así como un libro de resolucións do presidente e do xerente; a responsabilidade do seu mantemento corresponderalle ao secretario.

Artigo 29.- Adopción de acordos

1.- O Consello de Administración adoptará os seus acordos por maioría simple do total de votos, dirimindo os empates o presidente co voto de calidade tras unha nova votación.

2.- É necesario o voto unánime dos membros do Consello para a adopción de acordos nas seguintes materias:

- a) Proposta de modificación dos estatutos.
- b) Integración ou separación de membros no consorcio e determinación das condicións en que debe realizarse.
- c) Proposta de disolución do consorcio e os acordos referentes a súa liquidación.
- d) Aprobación dos plans de actuación e dos presupostos.
- e) Contratación e designación da ou do xerente.
- f) Cesión de bens pertencentes ao consorcio cando a súa contía exceda do 10% dos recursos ordinarios do presuposto anual.

Artigo 30.- Eficacia dos acordos

As decisións e acordos do Consorcio obrigan ao Consorcio. Os acordos e resolucións do consorcio deben publicarse ou notificarse na forma prevista na lexislación aplicable na materia.

Sección segunda Réxime xurídico

Artigo 31.- Actos do consorcio

1.- En canto administración pública, o réxime xurídico dos actos do consorcio suxeitaranse ás disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas, e demais normas administrativas de alcance xeral.

2.- A súa contratación e a xestión do seu patrimonio levarase a cabo de conformidade coa lexislación de contratación e sobre réxime patrimonial dos entes locais.

Artigo 32.- Recursos e reclamacións

1.- Os actos de todos os órganos do consorcio esgotan a vía administrativa, excepto os ditados polo xerente no exercicio das súas competencias, que poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o Consello de Administración.

Tamén poderán ser susceptibles de recurso de reposición ante o órgano delegante os actos ditados polos órganos no exercicio de competencias delegadas.

2.- A reclamación previa á vía xudicial civil ou laboral dirixirase á Presidencia do Consorcio, a quen corresponderá a resolución desta.

TÍTULO III Patrimonio e réxime económico-financeiro

CAPÍTULO I Patrimonio

Artigo 33.- Patrimonio

1.- O patrimonio do consorcio estará constituído polo conxunto de bens, dereitos e accións que lle pertencen.

2.- Este patrimonio poderá ser incrementado polos bens e dereitos que poidan ser adquiridos polas entidades consorciadas, afectándoos aos fins do consorcio, e polos adquiridos polo propio consorcio de calquera outra persoa ou entidade pública ou privada.

3.- Quedarán afectos aos fins do consorcio os bens que se designen polas administracións e entidades consorciadas co arranxo ao previsto no convenio fundacional, así como calquera outros que se poidan poñer a disposición do consorcio con posterioridade.

CAPÍTULO II Facenda

Artigo 34.- Composición

1.- A Facenda do Consorcio estará constituída por:

- a) A achega inicial das administracións consorciadas na proporción e as contías recollidas no convenio fundacional.
- b) As achegas futuras que con destino para investimentos e gastos correntes fagan, no seu caso, os entes consorciados.

- c) As achegas dos entes que se incorporen ao consorcio como membros de pleno dereito.
- d) As achegas e subvencións, auxilios e doazóns doutras entidades públicas ou privadas.
- e) As rendas, produtos de intereses dos bens mobles, inmobles, dereitos reais, créditos e demais dereitos integrantes do patrimonio do consorcio.
- f) Os ingresos procedentes das taxas e prezos públicos que se liquiden en exercicio da potestade tributaria.
- g) Calquera outros rendementos que lle corresponda percibir.

2.- A Facenda do Consorcio responderá das obrigas e débedas contraídas por este.

3.- No caso de que algún dos entes consorciados incumpra as súas obrigas financeiras co consorcio, o Consello de Administración procederá a requirir o seu cumprimento. Se transcorrido o prazo dun mes dende o requirimento non se realizaran as achegas previstas, o Consello de Administración, escoitado o ente público afectado, poderá proceder a suspender a súa participación no consorcio, aos efectos que no acordo de suspensión se determinen.

Artigo 35.- Contabilidade

O consorcio levará o mesmo sistema de contabilidade que rexe para as administracións públicas, con independencia de que o Consello de Administración puidese establecer outras formas complementarias para o estudo de rendemento e produtividade.

CAPÍTULO III Presuposto

Artigo 36.- Aprobación anual

1.- O consorcio disporá anualmente dun presuposto propio, cuxo proxecto será elaborado polo xerente, asistido do interventor do consorcio.

2.- O réxime presupostario, de contabilidade e de control será o establecido pola Lei reguladora das facendas locais e demais normas de desenvolvemento

TÍTULO IV

Fiscalización e control

Artigo 37.- Competencia

Ás administracións consorciadas correspóndelles, no exercicio de súas propias competencias, a alta inspección da xestión desenvolvida polo consorcio.

Artigo 38.- Memoria

1.- O presidente do consorcio presentará anualmente, no primeiro trimestre do ano, ao Consello de Administración a memoria de xestión económica e do balance de actividade.

2.- O Consello de Administración, unha vez aprobada a memoria da xestión económica e do balance de actividades, dará coñecemento desta ás administracións consolidadas.

Artigo 39.- Fiscalización

A actividade económico-financeira do consorcio está suxeita ás actuacións de control interno e externo nos termos establecidos na lexislación aplicable.

O control interno será exercido pola intervención do consorcio e revestirá as modalidades de función interventora e de control financeiro e de calidade.

TÍTULO V Modificación e disolución do consorcio

Artigo 40.- Modificación

1.- A modificación destes estatutos, tralo acordo do Consello de Administración co quórum establecido nos presentes estatutos, será aprobado polas entidades consorciadas segundo trámites establecidos na lexislación aplicable.

Artigo 41.- Disolución.

1.- O consorcio disolverase por algunha das causas seguintes:

- a) Polo transcurso do seu prazo legal de existencia, agás que se acorde a súa prórroga.
- b) Polo cumprimento da finalidade para a que foi constituído
- c) Por imposibilidade legal ou material de continuar o seu funcionamento
- d) Por separación dalgunha das partes consorciadas, se con iso devén inoperante
- e) Pola transformación do Consorcio noutra entidade.
- f) Polo incumprimento do seu obxecto.
- g) Por calquera outra causa e xustificando o interese público sempre que o acorden os entes públicos consorciados.

2.- O acordo de disolución determinará a forma que haxa de proceder á liquidación dos bens, dereitos e obrigas do consorcio e, no seu caso, a reversión das obras e instalacións existentes ás entidades consorciadas de acordo coa normativa específica en cada caso, atendendo a criterios de proporcionalidade.

3.- O reparto realizarase por proposta dunha comisión liquidadora designada polo Consello de Administración, que presentará un proxecto de liquidación, a realización dos créditos acredores e a liquidación dos debedores e a asignación de patrimonio.

Artigo 42.- Separación de membros.

1.- A separación dalgún membro do consorcio só se poderá realizar cando se atope ao corrente no cumprimento das obrigas e compromisos anteriores e garante o cumprimento das obrigas pendentes.

2.- Manifestada a vontade de separación pola entidade consorciada, o Consello de Administración designará unha comisión liquidadora que, atendendo ás posibles perturbacións nas actividades do consorcio que a dita separación puidese producir, proporalle ao Consello de Administración as condicións e efectos da separación.

3.- O Consello de Administración, oída a proposta da comisión liquidadora, aprobará a separación do ente consorciado nas condicións e aos efectos que no dito acordo se determinen. Notificaráselle á entidade interesada para os efectos da súa aprobación por esta.

A separación producirá efectos dende o día seguinte á adopción do acordo coa aceptación das condicións e dos efectos da dita separación.

Disposición transitoria

Mentres non se proceda polo Consello de Administración á designación das persoas que desempeñarán os postos de secretaría e intervención, realizarán esas funcións, o secretario do Pleno e o interventor do Concello de Vigo.

Disposición final

Os presentes estatutos entrarán en vigor ao día seguinte de súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, os membros da Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón do Pleno, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.-(174).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE DIVERSAS MEDIDAS RELACIONADAS COA EDUCACIÓN. EXPTE. 495/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 5 de xullo, número 495/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG D. Santiago Domínguez Olveira formula a seguinte moción:

“A decisión do goberno da Xunta de Galicia de suprimir aulas e reunir menores de Infantil de 3 e 6 anos con rapaces e rapazas de Primaria de 12 anos, que no caso das comarcas de Ourense, por exemplo, afecta a 115 aulas, lévanos a un retroceso de máis de trinta anos, que impide incluso a conciliación da vida laboral e familiar de nais e pais. Esta medida está a ser respondida pola comunidade educativa e pola sociedade galega por resultar nociva para a educación pública e mortal no medio rural, ao quedar desprovistos de aulas, ter que desprazarse ás vilas limítrofes e contribuír ao seu despoboamento, semellante ao acontecido fai trinta anos coas escolas-fogares que arrancaba e erradicaba definitivamente do rural a nenos e nenas.

O goberno do PP na Xunta de Galicia impón medidas sen diálogo, mostrando a meirande insensibilidade, sen buscar solucións nin procurar alternativas, agás as que supoñen a desaparición do benestar e das condicións de vida de galegos e galegas que tiñan ganado até agora. Fai días morreu Preescolar na Casa, innovador, adaptado e sostíbel na realidade rural galega, sen que a Xunta movese unha pestana para salvalo, e agora tócalle á educación en xeral coa supresión de aulas de infantil e primaria.

42 aulas serán suprimidas nas comarcas de Ourense, 56 nas comarcas da Coruña, 40 nas de Lugo e 37 aulas nas comarcas de Pontevedra, pero estes datos, recollidos do profesorado e dirección de centros afectados, poden verse incrementados unha vez que nos próximos días vaian aparecendo no Diario Oficial de Galicia as resolucións da Xunta.

Esta brutal decisión do goberno do PP afectará ademais aos cadros de persoal con centos de mestres e mestras menos. Por exemplo, no caso das comarcas de Ourense, como mínimo 70 ensinantes desaparecen nesta primeira fase.

A decisión reduce tamén persoal para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais e recorta os comedores escolares e o transporte.

A educación pública é o verdadeiro motor e garantía da igualdade de oportunidades, e o investimento educativo unha das mellores formas de procurar formación e base para o futuro que pon os alicerces para a mellora social, e importante para a saída da crise económica que vivimos.

En Galicia a educación pública xa sufriu un retroceso significativo desde 2009 logo da ocupación da Xunta polo PP e debido á súa política educativa de recortes e falta de atención. Por unha banda, reduciron considerabelmente o número de profesores e profesoras do ensino público e, po outra, incrementou as unidades escolares concertadas e as subvencións encubertas as mesmas, reducindo de xeito constante as bolsas para o alumnado, as axudas aos comedores escolares, ao transporte escolar ou a eliminación de profesorado.

Se a sociedade galega non reacciona e isto non se para, as medidas de guillotina na educación pública que fai o PP irá a maiores. Hoxe sabemos que no próximo curso os recortes e as supresións de unidades educativas serán aínda maiores.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.
- 2.- Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- 3.- Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 23 de xullo, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estes días asistimos ás inauguracións das distintas etapas educativas en Vigo e tamén no noso país: educación infantil, primaria, secundaria e bacharelato. Son estas etapas educativas que xa iniciaron o curso académico e que poderíamos definir como as inauguracións máis tristes da historia educativa en Galicia.

Estas inauguracións son tristes non porque non fóra o conselleiro do ramo a algunha delas, cousa que é unha vergoña e un despropósito político que o conselleiro, a máxima autoridade do sistema educativo deste país, non teña a ben nin sequera inaugurar oficialmente o curso en ningún dos centros educativos, seguramente si foi de visita logo a algún outro do Opus Dei ou de aqueles que tanto lle gustan.

Pero non son tristes por iso estas inauguracións do sistema educativo galego. Son

tristes este ano máis ca nunca porque detrás destas inauguracións atopámonos cunha moi triste realidade pola que está a atravesar o ensino público en toda Galicia: mil docentes menos que, engadidos aos mil douscentos docentes menos do curso pasado, dan a exorbitante cifra de dous mil douscentos docentes menos en dous anos para o ensino público galego cando só neste ano aumentou o número de nenos e nenas en primaria e en educación infantil precisamente nunha cifra moi similar: en dous mil nenos e nenas máis.

Este ano os pais e nais asisten aos comedores escolares máis caros, bastante máis caros ca o ano pasado. Asisten tamén a que os libros e o material escolar lles custa moito máis ca o ano pasado, nada máis nin nada menos que un 13% máis.

Vemos coma os nenos e nenas atópanse en moitos casos en unidades amontoados nas aulas, como non acontecía polo menos dende hai corenta ou cincuenta anos. Unidades educativas e centros educativos que desaparecen por todo o país. Na nosa provincia nada máis e nada menos que oito centros públicos educativos menos, por contar un dato.

Pero iso si, ademais de todo isto os nenos e as nenas con necesidades educativas especiais están sen atender, sen profesores especializados, sen os equipos de orientación xa nin sequera inscritos nos propios centros, etc.

O que si hai cada día máis son as subvencións aos colexios privados concertados, sobre todo a aqueles centros que nin sequera cumpren a Constitución ao diferenciaren por sexo aos alumnos e ás alumnas.

Esta é a triste realidade dun goberno, o do Sr. Feijóo, que pasará á historia sen ningunha dúbida por ser o goberno que máis dano lle está a facer ao ensino público do noso país.

Non é unha cuestión de cartos senón dunha ideoloxía clara. O Partido Popular coa excusa da crise e dos recortes, o que quere é nin máis nin menos que o que quixeron e intentaron facer sempre: que o ensino no noso país, na nosa cidade sexa un ensino única e exclusivamente enfocado aos que máis cartos teñen.

O Partido Popular coa excusa da crise quere facer unha universidade só para os que teñen cartos e un ensino público que sexa absolutamente discriminado para lle dar todos os beneficios ao ensino privado e a aqueles grandes grupos educativos de presión que perseguen sen ningunha dúbida os mesmos niveis ideolóxicos ca o propio Partido Popular.

Por iso o Bloque Nacionalista Galego presenta hoxe esta moción, porque non nos podemos permitir este ataque frontal a un servizo básico para o futuro de toda a cidadanía. Pedimos que se elimine a concentración do alumnado infantil co de primaria, que se dote aos centros de ensino do persoal e recursos necesarios para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e que, en definitiva, o Partido Popular modifique a súa política educativa para garantir unha educación pública, de calidade e igualitaria para todos e para todas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos neste Pleno para falar de educación. Unha vez máis estamos para falar desgraciadamente dos recortes en educación que están facendo tanto o goberno central como a Xunta de Galicia.

Este Grupo Socialista no que vai de ano presentou neste Pleno oito mocións relativas á educación nas que se instaba tanto á Xunta de Galicia como ao goberno a que frearan eses continuos recortes en educación. Foron mocións que dicían non aos recortes, á eliminación de aulas, á subida de taxas nas garderías, nas escolas infantís por parte da Xunta de Galicia; en definitiva que dicían que non á subida do prezo dos comedores que, como moi ben dicía o Sr. Olveira, este ano subiron por dous motivos: porque o Estado subiu o IVE pero ademais porque diminuíu a achega que se lles dá ás familias para pagar os prezos dos comedores.

Diminuíron ademais as bolsas destinadas aos comedores por parte da Xunta de Galicia; o cheque infantil que é a cantidade que reciben os pais para pagar unha escola infantil. Denunciamos tamén a falla de investimentos por parte da Xunta nos colexios da nosa cidade, a masificación das aulas, a desaparición de bolsas para estudos no estranxeiro, tamén a diminución do profesorado xa que foron dous mil duascenas persoas as que se quedaron sen traballo por unha decisión da Xunta de Galicia. Falamos tamén de cativos con necesidades educativas especiais que agora quedan sen a atención necesaria que precisa un cativo que é precisamente quen máis necesita esta atención. Asistimos tamén ao aumento das taxas da Universidade.

Todo iso fíxose utilizando a escusa da crise económica, pero non hai excusas porque a educación non é un xogo de nenos, detrás disto hai unha idea política. Lembremos que a eliminación da gratuidade dos libros de texto foi o primeiro que fixo Feijóo ao chegaren á Xunta de Galicia e aínda non se iniciara o que hoxe

entendemos por esa gran crise que temos nestes momentos. O que hai detrás realmente é unha política de desmantelar a educación e sobre todo a pública.

A educación é moito máis ca unha política encamiñada á capacitación persoal das xeracións. É unha política que impulsa a igualdade de oportunidades e isto é o que non lle gusta ao Partido Popular: que todos teñan a mesma igualdade de oportunidades.

Ademais, do que non é consciente o Partido Popular é de que a educación é unha boa política educativa é o que nos vai sacar a todos da crise porque é o que vai permitir a capacitación de todas as persoas e mesmo pode evitar as posibles crises futuras ao teren xeracións mellor preparadas. Pero o Partido Popular non é consciente diso, en cambio a sociedade española, a galega e a viguesa si somos conscientes e estamos asistindo aos profundos recortes orzamentarios que están facendo tanto a Xunta de Galicia como o goberno central.

Falábamos de masificación de aulas, eliminación de programas de reforzo, supresión de bolsas, despedimentos de profesores, supresión de servizos de transporte e de comedores escolares e dentro destes recortes en materia educativa. Á parte dos xa ditos, agora veu un máis: a subida do IVE no material escolar básico que vai dende o 4% ao 21%, precisamente agora ao inicio do curso escolar que é cando todos os pais e nais temos que lles comprar aos nosos nenos e nenas os bolígrafos, as carpetas, os cadernos, as mochilas, ademais duns libros que antes eran gratuítos no goberno de Touriño e agora temos que pagar co goberno de Feijóo.

Con todo isto nestes momentos estamos poñendo a moitas familias, cun contexto social económico complicado, en extrema dificultade para poder acceder ao material básico e necesario e poder asistir á escola. O Partido Popular considerou que o material escolar é un ben de luxo e por iso lle puxo o IVE do 21%.

Estamos de acordo polo tanto coa moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego e votarémola a favor, pero ademais lle engadimos algo que coidamos que neste momento é básico. Propoñemos: “Instar ao goberno de España anular a subida do tipo impositivo do IVE prevista no RDL referido ao material escolar e instamos tamén ao goberno da Comunidade Autónoma a incluír nos próximos orzamentos unha partida orzamentaria destinada á creación de programas de axudas para o material escolar destinado ás familias con rendas baixas e/ou con

desempregados". Porque queremos que ningún cativo quede sen material escolar, que todos os cativos teñan acceso á educación básica e fundamental porque a educación é o que nos fai iguais, o que nos permite ter igualdade de oportunidades e acceder a un mundo igualitario.

SR. RELOVA QUINTEIRO: "Non hai cálculos máis errados que os do egoísmo". Esta é unha frase da nosa compatriota Concepción Arenal.

Sorpréndeme que falen de igualdade e de equidade porque semella que os nenos e nenas de Vigo que están no colexio Altamar amoreados, como di o Sr. Domínguez Olveira, a D^a Raquel Díaz non lle interesan, como tampouco os alumnos da Escola Municipal de Artes e Oficios, nin o reaxuste, axuste e recortes que os profesores teñen agora mesmo na docencia. Iso verdadeiramente é hipocrisía política.

Non, Sra. Díaz, non lle bote a culpa a Rajoy, non desvirtúe. Eu asistín en silencio ás burradas que vostede dicía.

O goberno de Núñez Feijóo acadou unha educación moderna fomentando o ensino de idiomas e o uso das novas tecnoloxía que preparan para un mundo global; unha educación en liberdade multiplicando así as opcións de calidade do ensino onde os profesores e as familias sexan os verdadeiros protagonistas da mellora do sistema educativo baixo un clima de respecto e de convivencia nas aulas.

Teño datos reais que non inventados ou re-interpretados que din que o sistema educativo galego é o máis equitativo e igualitario de España. Refléctense nun informe da Fundación BBVA e do IVIE. Non entendo polo tanto de onde sacan todos eses datos para eses ataques que só se poden contextualizar nunha campaña pre-electoral.

En Vigo hai novidades moi importantes. O goberno do Sr. Núñez Feijóo investiu arredor de 12 millóns de euros nesta cidade. Hai un total de 18.273 alumnos na pública e na concertada 19.000, á parte do ABALAR que son 50 centros na cidade de Vigo. Hai trece novos cursos no curso 2012-2013; un plan galego de potenciación de linguas estranxeiras, 8.400 alumnos en Vigo reforzan as súas competencias lingüísticas; centros plurilingües, etc. Este é o éxito da nova concepción do que é a formación profesional.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Inspección educativa traballou para construír as unidades de infantil e primaria

cara ao vindeiro curso académico 2012-2013. Neste momento cos datos de matriculación, a Inspección está analizando nos centros as necesidades educativas e particulares tendo en conta o alumnado e profesorado co que conta. O obxectivo é conseguir que o número de unidades que se constitúan garantan a calidade do ensino en todos os colexios de Galicia. Foi este o inicio de curso máis tranquilo dos últimos anos.

A propia Consellería reuniu no seu momento á Comisión de seguimento do pre-acordo sobre os agrupamentos do alumnado de educación infantil e primaria para os efectos da constitución de unidades para comunicar que, obrigada polo RDL 8/2010, do 20 de maio, polo que o anterior goberno central do PSOE adoptaba medidas extraordinarias para a redución do gasto público, tiña que diferir a aplicación do pre-acordo. Deste xeito volveuse á situación anterior de 2009 na que tamén os agrupamentos se levaban a cabo en función das circunstancias de cada centro. Deste xeito, e tal e como xa se explicou en comisión parlamentaria, mentres a situación económica non permita aplicar o pre-acordo, o que se está a facer é volver á situación anterior.

Neste contexto a Consellería está a valorar a situación particular de cada centro educativo para dar resposta ás súas necesidades, garantindo a calidade do ensino, ao tempo que se busca a maior eficiencia na xestión dos centros educativos públicos.

No tocante aos criterios para a agrupación de alumnos, a Inspección educativa está a agrupar ata un máximo de quince estudantes por aula que son de diferente etapa, dezaeito se non son da mesma etapa. Neste sentido cómpre indicar que con gobernos anteriores de diferentes signos políticos se teñen dado casos dun número maior de alumnos agrupados por aula.

Cómpre lembrar tamén que Galicia conta cunha das ratios máis baixa de alumnos por aula do Estado. A este respecto a Consellería comprometeuse a non modificar o número máximo de estudantes en cada clase gracias á flexibilidade que a boa xestión realizada no que vai de lexislatura lle permite diante dos axustes que si teñen que realizar as outras comunidades.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O Sr. Relova falou de egoísmo. Hai unha cousa máis nociva ca o propio egoísmo, é a falsidade constante. Máis nocivo é ser concelleiro

desta cidade e ter que chamar a Santiago para que manden por escrito a contestación a unha moción que trata do ensino nesta cidade.

Acaba de ler vostede unhas proclamas que en primeiro lugar son falsas. Pero en segundo lugar, non sei de onde saca vostede que a educación en Galicia é a mellor do mundo.

Nestes momentos estou a ler páxinas da web de Radiotelevisión Española, para que vexa vostede que non é algo que ten que ver co Bloque nin nada parecido. Nestas páxinas dise: “En Galicia os mestres de primaria pasarán ter de vinte e cinco a vinte e unha horas lectivas, o máximo que permite a lei estatal. Estas horas inclúen a vixilancia dos alumnos mentres agardan o transporte escolar o que provocou o malestar entre os docentes: “Non somos coidadores, senón persoal altamente cualificado”. Tamén, segundo ANPE, redúcese o cadro de persoal e deixárase de contratar a cento sesenta interinos só en Educación Infantil”. Segue dicindo a páxina web de Radiotelevisión Española: “O conselleiro de Educación de Galicia, Jesús Vázquez Abad, sinalou que a redución dos profesores obedece a que hai centros con máis dos que lles corresponden”.

Ten que lle dicir ao persoal da Xunta de Galicia que non lle conteste unha moción dicíndolle mentiras porque o señor conselleiro de Educación déixao a vostede en evidencia. Acaba de dicir que aquí non se reduce profesorado, que é a ratio máis importante de toda España e o propio conselleiro acaba de desdicilo a vostede dicindo que efectivamente se reduce o profesorado porque, segundo a idea de seu, hai algúns colexios que teñen demasiados profesores.

Sabe cales son eses demasiados? Son por exemplo aqueles profesores e profesoras que teñen que atender a un neno con parálise cerebral; eses son os profesores que están a maiores; ou aqueloutros que teñen que atender a nenos que están en risco de exclusión social. Estes son os profesores que segundo o Partido Popular sobran.

Non minta, Sr. Relova, e dígalle á Xunta de Galicia que cando lle conteste a unha moción o faga ben, senón pase vostede o traballo de facelo, investigar e buscar datos nesta cidade e mellor lle iría.

Aceptamos a emenda do Partido Socialista pero corrixindo unha palabra: Nos próximos orzamentos rexionais non, que sexa nos próximos orzamentos autonómicos. Corrixindo esa palabra aceptamos a emenda.

Emenda presentada por escrito de data 24 de setembro pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Díaz Vázquez:

Engadir dous puntos máis á parte dispositiva da moción co seguinte texto:

“-Instar ao goberno de España a anular as subidas do tipo impositivo do IVE previstas no Real decreto-lei 20/2012, referidas ao material escolar.

-Instar ao goberno da Comunidade Autónoma a incluír, nos próximos orzamentos rexionais, unha partida orzamentaria destinada á creación dun programa de axudas ao material escolar destinado ás familias con rendas baixas e/ou desempregadas”.

O relator da moción presta a súa conformidade á emenda formulada pola Sra. Díaz Vázquez coa condición de que se substitúa a palabra “rexionais” por “autonómicos”.

A proponente da emenda acepta o cambio.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE: :
Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ao se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade quedando aprobada a emenda formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista Sra. Díaz Vázquez na que se substituíu a palabra “rexionais” por “autonómicos”.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Eliminar a concentración de alumnado de Infantil co de Primaria.
- 2.- Dotar aos centros de ensino de persoal e de recursos necesarios para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- 3.- Modificar a súa política educativa e garantir unha educación pública de calidade, dotando aos centros de ensino público do profesorado necesario para unha educación pública en condicións, e con especial atención a unha discriminación positiva nos concellos do rural.

Segundo.- Instar ao goberno de España a anular as subidas do tipo impositivo do IVE previstas no Real decreto-lei 20/2012, referidas ao material escolar.

Terceiro.- Instar ao goberno da Comunidade Autónoma a incluír, nos próximos orzamentos autonómicos, unha partida orzamentaria destinada á creación dun programa de axudas ao material escolar destinado ás familias con rendas baixas e/ou desempregadas.

CUESTIÓN DE ORDE

INTERVENCIÓN DA SRA. VELOSO RÍOS: Cuestión de orde. Reitero o que xa

expresamos dende o Bloque Nacionalista Galego tanto nas comisións informativas do Pleno como na Xunta de Voceiros. Solicitamos a retirada das mocións que están nos puntos 5.2 e 5.3 por considerar que non se axustan ao Regulamento do Pleno por trataren temas que xa se debateron e votaron neste Pleno nun prazo inferior a un ano.

Este Pleno réxese por un Regulamento aprobado aquí mesmo por unanimidade e hai un artigo que di: “Cando unha moción sexa tratada polo Pleno non se poderá presentar nova moción sobre o mesmo asunto no prazo dun ano”.

Evidentemente como todos os regulamentos, este tamén está suxeito a interpretacións. Para algunhas cuestións chegamos a acordos entre os grupos municipais; por exemplo para a presentación de mocións urxentes foi preciso chegar a un acordo sobre que se consideraba urxente e que non e que prazos entendíamos coma urxentes e cales non.

Solicitamos dende o Bloque Nacionalista Galego que neste caso se faga o mesmo. Entendemos que presentar unha moción no mes de xuño sobre un tema e logo presentar no mes de setembro outra moción sobre o mesmo tema cambiando lixeiramente a resolución, é realmente facer trampa co propio Regulamento.

Na comisión informativa e na Xunta de Voceiros solicitamos xa que se faga con honestidade a presentación das mocións.

O Bloque Nacionalista Galego só ten dereito a presentar unha moción e aproveita para presentar mocións importantes para a cidadanía e non se reiterar. Pedímoslles ao resto dos grupos municipais que fagan o mesmo.

A PRESIDENCIA: A importancia das moción decídea cada grupo pola súa parte. Dende logo o Grupo Socialista non necesita que o Bloque lle diga cales son importantes e cales non.

As mocións preséntanse en termos dos votos dos cidadáns que deron trece, once e tres concelleiros e isto significa o número de mocións que cada un pode presentar.

O Regulamento establece a norma da non repetición pero esta moción non está repetida. A interpretación que cada grupo lle queira dar é libre, pero dende logo non vai decidir un grupo cales son as mocións que presentan outros grupos. Aínda funciona a democracia neste Pleno e polo tanto as mocións se deciden en termos da capacidade de cada quen de defender e presentar as súas mocións.

O grupo proponente mantén a súa moción e polo tanto procederemos co debate.

5.2.-(175).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O DESENVOLVEMENTO DE VARIAS ACTUACIÓNS CONCRETAS EN MATERIA DEPORTIVA EN VIGO. EXPTE. 526/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 12 de setembro, número 526/1101, O concelleiro do Grupo municipal socialista D. José Manuel Fernández Pérez formula a seguinte moción:

“Desde o Concello de Vigo instamos á Deputación de Pontevedra a concretar as actuacións deportivas vinculadas ao proxecto da Volta Ciclista a España nas Rías Baixas no ano 2013, así como á celebración dun partido amigable de carácter internacional da selección española absoluta no estadio municipal de Balaídos.

A Deputación de Pontevedra ven de anunciar a presenza na provincia de Pontevedra da Volta Ciclista a España 2013, polo cal dentro deste proxecto a cidade de Vigo é a referencia en Galicia como motor da Comunidade Autónoma e no mundo do deporte, a súa capacidade organizativa e os seus éxitos individuais e colectivos están máis que recoñecidos. Por iso é de xustiza que a Deputación recoñeza e considere que Vigo aglutina todos os avais necesarios para ser o mellor escenario das Rías Baixas para dar cabida a Volta Ciclista a España 2013 ao tempo que non se marxine á cidade e que os equipos da Volta e toda a súa organización pernocten en Vigo e a competición ciclista poida xerar un retorno económico que lamentablemente non existiu na edición deste ano 2012.

A Deputación de Pontevedra promoveu coa Real Federación Española de Fútbol a presenza da selección bi-campiona de Europa e campioa do mundo no estadio de Pasarón (España-Arabia) o pasado 7 de setembro, manifestando ademais que habería un encontro en 2013 en Vigo, polo que como de feito as datas que o calendario internacional marca para amigables xa están decididas para toda a tempada 2012/2013, instamos á Deputación a que diga en que data terá lugar o encontro.

A proposta de celebrar este encontro internacional no estadio municipal de Balaídos, leva implícita a necesidade de mellorar aspectos esenciais da instalación, polo cal dende o Concello de Vigo instamos á Deputación de Pontevedra a investir no estadio municipal de Balaídos na mesma medida que o organismo provincial o fixo co estadio de Pasarón, cuxo orzamento de obras era inicialmente de 7 millóns e rematou en 20 millóns de euros saídos das arcas públicas.

A Deputación de Pontevedra aprobou en xuño uns orzamentos de 152 millóns de euros nos que Vigo non está recollido en ningunha partida específica e moito

menos o deporte da cidade. Segundo di a Deputación, a selección bi-campiona de Europa e campioa do mundo vai xogar en 2013 no estadio municipal vigués, e por iso é lóxico que a institución provincial non faga agravios comparativos entre Balaídos e Pasarón e proceda a consignar unha partida para as melloras necesarias nas instalacións de Balaídos.

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Deputación de Pontevedra ao desenvolvemento das seguintes actuación en materia de promoción deportiva e da cidade de Vigo a través das seguintes actuacións:

- a.- Que pacte con Unipublic, a empresa organizadora da Volta, que Vigo sexa final de etapa e saída doutra, ou que na cidade se dispute unha etapa contra o reloxo, establecendo o compromiso de que todo o persoal vinculado á organización estableza a súa base loxística no termo municipal de Vigo co conseguinte aloxamento e pernoctación en Vigo.
- b.- Que a Deputación de Pontevedra fixe a data do partido internacional amigable entre a selección absoluta de España e outra selección do ránking FIFA, no Estadio Municipal de Balaídos, asumindo os gastos de organización.
- c.- Que a Deputación de Pontevedra invista nas reformas necesarias do estadio de Balaídos como o fixo coa reforma de Pasarón, establecendo unha achega dun mínimo de 40 millóns de euros”.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do día 17 de setembro do 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: O Grupo Socialista presenta esta moción coa vontade de esixir e instar á Deputación de Pontevedra a que cumpra os seus compromisos coa cidade en materia deportiva. Presentámola na idea de que de seguro contaremos co seu apoio porque é xusto, necesario e non debemos permitir que se marxine unha vez máis á nosa cidade que, como saben, representa un terzo do conxunto da poboación da provincia e polo tanto é un soporte que se debe ter en conta.

Como todos saben, recentemente a Volta Ciclista a España pasou “voando” pola nosa cidade. Máis dunha ducia de veces o presidente da Deputación anunciou que a edición 2013 sairá das Rías Baixas. Cremos que é de xustiza, necesario e que ademais debe ser un compromiso ineludible, que esta próxima Volta 2013 saia de Vigo e a súa cidadanía así o reclama. Os vinte clubs e entidades que hai en Vigo

teñen suficiente bagaxe, experiencia e capacidade para ser base e soporte dos traballos da Volta Ciclista e ademais pensamos tamén que o noso sector económico demanda unha maior presenza nesta próxima edición. A Volta Ciclista pasou por Vigo en sete ocasións e polo tanto hai experiencia, bagaxe e demanda.

Instamos polo tanto á Deputación de Pontevedra a que dea cumprido compromiso a ese anuncio e que a próxima Edición da Volta Ciclista a España 2013 teña como lugar de saída e base loxística a nosa cidade de Vigo.

Por outra banda todos sabemos que se acaban de poñer en marcha as instalacións do estadio municipal de Pasarón. Nestas actuacións a Deputación de Pontevedra investiu uns vinte millóns de euros. Cremos que é necesario, de xustiza e que ademais correspondería coa demanda da nosa cidade, que a Deputación de Pontevedra faga unha achega de corenta millóns de euros para a adaptación, reforma, actualización e mellora do estadio municipal de Balaídos. Trescentos mil cidadáns, vinte e dous mil afeccionados, corenta entidades deportivas, dez mil fichas federadas de fútbol son base suficiente para que a Deputación atenda e non marxine as reivindicacións desta cidade.

Demandamos unha actuación decidida de 152 millóns nos orzamentos que ven de aprobar no mes de xuño a Deputación de Pontevedra, nos que unha vez máis se marxina á nosa cidade. Facemos fincapé nisto e en dicir que a cidade de Vigo non tolerará nin vai permitir que se lle siga marxinando polo ente provincial e polo seu presidente Rafael Louzán.

Esiximos polo tanto o dito investimento para o proceso de actualización e modernización das instalacións municipais de Balaídos.

SR. ALONSO PÉREZ: Teño que aclarar que o Bloque Nacionalista Galego non pretende dicir ao Partido Socialista que mocións ten que presentar, só faltaría; o único que pretende é que se cumpra o Regulamento.

Nesta mesma moción que xa se discutiu anteriormente puxen algúns exemplos de por que a Deputación non ía investir en Vigo. Hoxe vou poñer outros.

En primeiro lugar dicir que falo coa experiencia de catro anos como concelleiro de Deportes e sei que a Deputación vai seguir marxinando á cidade porque non goberna aquí. O Partido Popular inviste naqueles sitios onde goberna; onde non, castiga. Esa é unha norma, é o seu xeito de entender o goberno das institucións.

Con anterioridade en Vigo coa colaboración entre a Deputación e o Concello se construíron campos de herba sintética e quedouse en que o mantemento deses campos sería por conta da Deputación de Pontevedra. Pois ben, durante os catro anos que eu fun concelleiro en Vigo, como o PP non gobernaba en Vigo, non tiña a concellería de Deportes, preferiu que os campos de herba sintética construídos se deterioran por non se facer o mantemento.

Existía un convenio de colaboración polo que a Xunta investiría na remodelación das pistas de atletismo e a cambio o Concello de Vigo construíría o Pavillón de Deportes de Candeán. Cando o Partido Popular goberna na Xunta de Galicia, o secretario xeral do Deporte di que o convenio co Concello de Vigo era moi ambicioso e que non se podía facer unha remodelación tan ampla, pero que si garantía a remodelación que reclamaban os atletas. A realidade é que o Pavillón de Candeán está construído e, malia as promesas, as pistas de atletismo seguen sen arranxar.

Cando se discutiu esta moción no Pleno anterior eu dicía que cada vez que viña aquí o presidente da Federación española asinaba co presidente da Deputación que se arranxaría o campo de fútbol federativo de Coia. Pois logo de varias promesas aí segue sen se arranxar.

Podería seguir dando exemplos porque o Partido Popular non vai investir en deportes mentres non governe na cidade.

De Vigo saíu unha etapa da Volta Ciclista a España e foi meta cando o Bloque Nacionalista Galego gobernaba na Xunta e tiña a Concellería de Deportes na cidade. Pero mentres o Partido Popular siga na Presidencia da Deputación en Vigo non se vai investir.

A respecto do estadio municipal de Balaídos quérolle aclarar ao Pleno, por se non se sabe porque algúns non seguen os plenos da Deputación, que a cidade de Vigo se presentou e foi elixida pola Federación española como posible sede do Campionato do mundo de fútbol. Logo ese Campionato non se lle concedeu ao Estado español pero de se realizar, Vigo sería sede. Daquela eu presentei na Deputación unha moción solicitándolle que axudara á cidade de Vigo, á Xunta de Galicia e ao Estado para remodelar o estadio de Balaídos, pero o Partido Popular votou en contra porque mentres o Partido Popular estea na Deputación non vai investir en Vigo. Non sigan insistindo, poden presentar todas as mocións que

queiran pero o Partido Popular non vai investir en Vigo.

Isto só ten unha solución: facer desaparecer ás deputacións porque son institucións que non teñen sentido, o Partido Popular utilízalas de xeito caciquil para facer reparto do diñeiro entre os concellos onde goberna.

O Partido Socialista pode seguir presentando mocións coma esta todas as veces que queira saltándose o Regulamento, pero polo de agora non hai solución xa que o Partido Popular vai votar en contra porque está de acordo coa política caciquil da Deputación en Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Téñolle que dicir ao Bloque que, que eu saiba, en Pontevedra goberna o Bloque Nacionalista Galego, o que pasa é que hai gobernos que tenden a man ás institucións para que invistan e hai outros que o único que lles interesa é buscar o enfrontamento con elas como é este caso.

Aquí o obxectivo claro é o enfrontamento dende o goberno da cidade de Vigo con todas as administracións para que non se leven a cabo proxectos na cidade.

Hai tres anos que nós presentamos a posibilidade dun centro deportivo en Navia cun investimento de vinte e cinco millóns de euros e o goberno desta cidade non quixo ceder os terreos. Foron vinte e cinco millóns de euros que non se investiron porque o señor alcalde non quixo que se construíra ese complexo deportivo nesta cidade.

Con respecto ao campo de fútbol, esa foi unha promesa de seu feita no hotel Los Escudos, promesa que está incluída no seu programa electoral que se queran llo leo porque o teño aquí. Pero foron incapaces, foron incompetentes na xestión do diñeiro para que Balaídos tivese un novo campo de fútbol. Onde está ese proxecto tan marabilloso que presentaban vostedes para Balaídos? Non existe por ningures, pero iso si, gastaron 1.000.000 de euros na Universiada e 1.200.000 euros cando a Selección uruguaia veu a Vigo; é dicir 2.200.000 euros en dous proxectos que non serviron para nada nesta cidade. Curiosa cuestión.

Ninguén me vai dar leccións de axuda a esta cidade porque, por exemplo, o centro deportivo de Samil construíuse cun goberno no que eu era concelleiro de Deportes; o Pavillón central das Travesas renovouse daquela; fíxose o complexo deportivo da Madroa; construíronse campos de fútbol; construíronse as piscinas de Teis e Lavadores e tamén un goberno do Partido Popular foi quen deixou dous complexos

de lecer. Foron máis de 3.000 millóns das antigas pesetas que se xestionaron por un goberno que dirixíamos nós. Polo tanto de leccións de deporte e de compromisos con esta cidade, ningunha.

A Deputación destinou a deportes nos últimos anos vinte millóns de euros. Que eu saiba os campos de fútbol de Valladares, Santa Mariña de Cabral, San Andrés de Comesaña, A Guía, Fragoselo, Sárdoma, Candeán, Meixoeiro, A Bouza, Beade, Matamá, Fragoselo, non os construíron vostedes nin achegaron absolutamente nin un só euro, pero gracias a eses investimentos da Deputación eses corenta clubs deportivos e esas licenzas do fútbol de Vigo que están en vigor teñen a súa traxectoria.

Se falamos do partido da Selección Española téñolles que dicir que son vostedes uns incompetentes porque se ata o de agora a Selección non veu a Vigo foi porque alguén que agora mesmo está nesta Corporación no seu día tomou a decisión de imputar a un presidente da Federación Galega. Esa foi a razón pola que a Selección Española non veu a Vigo e se queren llo conto con todo detalle xa que son coñecedor desa situación porque estiveron nunha xuntanza co presidente da Federación Española. Houbo un partido en Pontevedra e agora, por mor dunha xestión que fixo o presidente da Deputación e máis o do Celta, hai un compromiso para que no 2013 estea a Selección Española en Vigo cun partido de competición internacional. Polo tanto da Selección non me falen.

Con respecto á Volta Ciclista a España a diferenza é que vostedes no ano 2007 gastaron 500.000 euros e nós agora 150.000 euros. O que pasa é que foron tan incompetentes que non foron capaces de xestionar absolutamente nada. Non se lembraron da Volta Ciclista a España ata que chegou aquí e tivo gran repercusión gracias a un presidente da Deputación que foi quen de chegar a un acordo con Unipublic para facer catro etapas. E por suposto que a próxima Volta vai saír das Rías Baixas.

A Deputación investiu máis de vinte millóns de euros no deporte da nosa cidade, investiu nos campos de fútbol e gracias a que a Selección veu aquí, vai haber en Coia un novo e moderno campo de herba sintética, o mellor de España que agora vostedes teñen completamente abandonado, non se preocuparon de ningún deles. Como poden falar vostedes de deporte se son uns incompetentes? Non son capaces de xestionar absolutamente ningún investimento para esta cidade.

Preocúpalles nada máis a confrontación.

A Deputación está moi orgullosa do que está a facer en Vigo e por suposto que vai seguir traballando por esta cidade como fixo ata agora e os clubs sábeno. Todos os clubs reciben axudas e melloran as súas infraestruturas. Déanme vostedes un exemplo dalgunha obra importante que fixeran para o deporte desta cidade. Que fixeron o pavillón de Candeán? Benvido sexa, pero o demais o meteron noutras cousas, non no deporte desta cidade que está totalmente abandonado. O club máis emblemático tivo que descender de categoría por culpa de vostedes.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Malia todo moitas gracias. Coido, Sr. Figueroa, que hai que coidar un pouco as palabras, ser máis positivo e non negar as evidencias e as realidades.

Sr. Alonso, maniféstolle o meu agradecemento polas súas palabras, pero lle teño que dicir que na defensa de Vigo nós imos reivindicar e esixir sempre que se cumpra coa nosa cidade. Somos conscientes da política caciquil que ás veces se aplica na Deputación. Tamén o somos de que o compromiso dos campos de fútbol se tiña que cumprir e que non o fixeron.

Os campos de fútbol son municipais, Sr. Figueroa, e polo tanto teñen vostedes que asumir o 75% dos mantementos por mor dun convenio. As responsabilidades serán de seu se non se arranxan os campos porque se van botar a perder e de chegaren a ese punto non haberá só que os manter e arranxar, senón que haberá que os facer de novo. Polo tanto, aínda que xa o dixemos outras veces, repetimos que a responsabilidade é súa como tamén son responsabilidade de seu as pistas de atletismo.

Somos conscientes das prácticas e dos métodos que utilizan vostedes dende a Deputación, pero nós imos seguir reivindicando e esixindo o que é bo para Vigo. Non imos permitir que se marxine a Vigo e imos defender con todas as consecuencias e con todos os medios posibles á nosa cidade, aos seus cidadáns, aos seus clubs e ás súas entidades deportivas.

Por outra banda, Sr. Figueroa, dígollo de bo xeito, non coma vostede e non o tome a mal. Vostede di o que leva feito, pero é que despois de vinte e cinco anos de concelleiro e ademais dende a Deputación algo tería que facer senón, para que eses anos de concelleiro?

En calquera caso e como non se trata só de predicar, pedímoslles que concreten. Queremos os corenta millóns de euros para investimentos en Balaídos e queremos que a Volta Ciclista saia de Vigo porque temos experiencia, bagaxe e soporte suficiente para o poder organizar.

Déixese de declaracións e pasemos aos feitos, senón vostede será responsable diante da cidadanía de Vigo dos problemas e das eivas para que iso non se leve a cabo.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sra. Fernández Pérez, instando á Deputación de Pontevedra ao desenvolvemento de diversas actuacións en materia de promoción deportiva e promoción da cidade de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.-(176).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL Á DOTACIÓN DE PARTIDAS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS CENTROS E FUNDACIÓN DA REDE DE MUSEOS DE VIGO EQUIVALENTE Á ASIGNADA AO MUSEO DE PONTEVEDRA. EXPTE. 530/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de setembro, número 530/1101, a concelleira do Grupo municipal socialista dona Isaura Abelairas Rodríguez formula a seguinte moción:

“O investimento cultural de Deputación Provincial de Pontevedra presenta importantes desequilibrios dentro do territorio provincial cunha desconsideración moi significativa respecto á cidade de Vigo e a súa área de influencia.

Ata 2011 a Deputación Provincial de Pontevedra formaba parte do Padroado do MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), coa categoría de membro fundador no momento de arranque desta cualificada institución cultural, que neste ano celebra 10 anos de vida, e que ten ben acreditado o seu achegamento á cidadanía e a súa presenza no panorama artístico e cultural tanto galego como español, e mesmo internacional.

O labor do MARCO chega a todas as vilas e recunchos da provincia de Pontevedra, como se pode confirmar polas relacións de centros escolares que participaron ao longo desta década.

A achega da Deputación Provincial no período 2009 a 2011 supuxo tan só o 8 ou 9% do orzamento do MARCO e os pagamentos correspondentes atrasáronse deliberadamente polo empeño dos representantes do goberno da entidade provincial en realizar actos de publicidade das achegas que nada teñen que ver coa necesaria difusión do financiamento público que corresponde realizar aos beneficiarios, de acordo co previsto na lexislación de subvencións; máis ben, a difusión que se buscaba tiña que ver coa propaganda e o partidismo, evitando a participación da Presidencia do Padroado da Fundación Marco.

Pero non só é o MARCO, senón que tamén son outros os equipamentos culturais municipais que acollen a escolares e veciños de todos os concellos da Provincia: o Museo Quiñones de León, o Verbum, a Fundación Laxeiro, etc...

Mentres o Concello de Vigo realiza un importante esforzo orzamentario e organizativo para atender Centros museísticos e Fundacións viguesas que proxectan a súa actividade e servizos a toda a Provincia; a Deputación Provincial centra os seus esforzos orzamentarios no Museo Provincial de Pontevedra deixando de lado a rede de museos e expositiva da cidade de Vigo. O financiamento que figura nos orzamentos da Deputación Provincial para o Museo Provincial neste exercicio 2012 ascende a 4 millóns de euros, aos que hai que engadir 1,4 millóns de euros para novo investimento en construción e enseres.

A cidade de Vigo e súa rede de museos e expositiva precisan dunha atención orzamentaria por parte da Deputación Provincial de Pontevedra equiparable ao investimento e ao gasto xeral que destina ao Museo de Pontevedra, que financien parcialmente os servizos culturais que o Concello de Vigo ven prestando aos veciños de toda a provincia de Pontevedra, procedentes dos diversos concellos:

dende Lalín á Guarda, dende O Rosal a Ribadumia, dende Sanxenxo a Nigrán, dende O Porriño a Cambados, dende Tui a Vilagarcía,...

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra a que dote nos seus orzamentos as correspondentes partidas con dotación equivalente á asignada ao Museo Provincial de Pontevedra para contribuír ao financiamento dos Centros e Fundacións da Rede de museos e Expositiva da cidade de Vigo, que está promovida pola súa Administración Municipal e que ven dando servizo á cidadanía da provincia de Pontevedra”.

A Comisión Informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do día 17 de setembro do 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: O concelleiro de Deportes falou de política caciquil. Eu creo que non é só política caciquil, senón que responde a unha profunda remodelación ideolóxica que forma parte do programa electoral que tiña agochado o Sr. Rajoy. Coa excusa da crise están utilizando precisamente esa reforma.

Esta moción ven nese sentido porque cando acernamos a cultura e a educación estamos acernando a liberdade dos pobos. Neste caso os señores do Partido Popular fano conscientemente porque canto máis educados estean os cidadáns, máis libres son e máis opinan. Neste caso a moción ten que ver unha vez máis coa Deputación de Pontevedra porque se esquece de que a cidade de Vigo ten 300.000 habitantes e forma parte da provincia de Pontevedra.

Varias veces trouxen mocións solicitando da Deputación que asumise os seus compromisos. Pero agora queredo separar e deixar claras dúas cousas: a Deputación de Pontevedra formaba parte do Padroado do Marco e deixou de pagar, segue sen pagar e se pensa seguir así debería ser coherente e irse desta Fundación. Pero tamén forma parte da Fundación Laxeiro e nese sentido ven esta moción.

Mentres o Concello de Vigo realiza un importante esforzo orzamentario e organizativo para atender aos centros museísticos e fundacións da cidade que proxectan a súa actividade en servizos a toda a provincia, a Deputación provincial centra os seus esforzos no Museo provincial de Pontevedra, deixando de lado á

rede de museos da cidade de Vigo.

O financiamento que figura nos orzamentos da Deputación para o Museo provincial de Pontevedra neste exercicio 2012 ascende a catro millóns de euros, aos que hai engadir 1,4 millóns de euros máis para novo investimento e 400.000 euros máis para construción e aparellos.

A cidade de Vigo e a súa rede de museos, neste caso o MARCO, precisa dunha atención orzamentaria por parte da Deputación de Pontevedra equiparable ao investimento e gasto xeral que destina ao Museo de Pontevedra e que financian parcialmente os servizos culturais. O Concello de Vigo foi o único que quedou prestándolle servizo á provincia de Pontevedra e atendendo aos veciños dende Lalín ata A Guarda, dende O Rosal ata Ribadumia, dende Sanxenxo ata Nigrán, dende O Porriño ata Cambados e dende Tui ata Vilagarcía; a toda a provincia de Pontevedra.

Polo antedito, solicítase ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: Instar ao da Deputación provincial de Pontevedra a que dote nos seus orzamentos as correspondentes partidas con dotación equivalente á asignada ao Museo provincial de Pontevedra para contribuír ao financiamento dos centros e fundacións da Rede de museos e expositiva da cidade de Vigo que está promovida pola súa administración municipal e que ven dando servizo á cidadanía da provincia de Pontevedra.

SRA. VELOSO RÍOS: Efectivamente na nosa cidade contamos cunha rede de museos que está pasando por un dos seus peores momentos. Iso é certo. A crise está afectando a todos os servizos culturais do noso país porque se están tomando decisións políticas incorrectas, segundo entendemos no Bloque Nacionalista Galego, e os museos da nosa cidade non están alleos a estas decisións políticas inapropiadas e están sufrindo momentos moi difíciles.

Neste sentido nós entendemos que todas as administracións teñen que se implicar para poder seguir ofrecendo unhas actividades e servizos culturais á nosa cidade como se merece e como poderíamos ofrecer de estar coidando realmente os servizos culturais que aquí temos. Porque si temos unha rede de museos importante que recolle a riqueza cultural que temos nesta cidade, que podería ofrecerlla aos cidadáns e cidadás da cidade pero tamén a todas as persoas que nos

visitan e desgraciadamente agora mesmo non está sendo así.

Evidentemente cando se trata de instalacións municipais o Concello é o principal responsable, pero tamén outras administracións teñen que ter en conta esta situación e colaborar para manter estes servizos culturais. Falamos tanto da Deputación de Pontevedra como da Xunta de Galicia.

No Pleno pasado xa falamos da situación dos museos desta cidade, pero é certo que o Partido Popular que está gobernando na Deputación de Pontevedra e na Xunta de Galicia ten unha visión dos servizos culturais un tanto particular. No Pleno pasado falamos do Museo do Mar, do que realmente é difícil falar porque non temos información, pero o que si sabemos é que se lles dá prioridade ás actividades mercantís, aos restaurantes, ás tendas e ás actividades musicais por riba dos propios contidos do Museo.

Acontece o mesmo co Museo provincial de Pontevedra onde se lle dá prioridade a un espazo para un restaurante por riba dun espazo para a exposición dos fondos do propio museo.

En realidade, se un atende a todos os museos que están xestionados polo Partido Popular, vemos que desaparece calquera tipo de elemento que diferencie, evidentemente dásele prioridade ao uso da lingua castelá por riba da galega, mesmo as actividades de verán no Museo do Mar se desenvolveron dando prioridade e fomentando o uso do inglés e do francés, o que está moi ben pero non estaría de máis que os nenos galegos tamén tivesen a oportunidade de utilizar o galego, sobre todo nunha cidade tan castelanizada coma é a de Vigo.

Fundamentalmente trátase de ofrecer servizos de consumo rápido. Digamos que os servizos culturais xestionados polo Partido Popular, e aquí poderíamos falar do Museo do Mar, do Museo provincial de Pontevedra, da Cidade da Cultura..., son realmente os "*McDonalds*" da cultura galega. Iso é o que nos está ofrecendo o Partido Popular: canta menos cultura lle deamos á cidadanía evidentemente máis doado será coar mensaxes absolutamente falsas coma se fosen verdades.

Esta é a situación na que nos atopamos co Partido Popular. Ademais coincido co que dicía antes o meu compañeiro, Sr. Alonso, porque mentres o Partido Popular siga presidindo a Deputación de Pontevedra, non se vai investir nesta cidade porque é unha prioridade política. Dende a Deputación de Pontevedra o Partido Popular pode facer política á súa maneira, política caciquil tamén, como dicía o Sr.

Fernández, en toda a provincia agás en Vigo porque é moito máis complicado. A intención do Partido Popular é gobernar na cidade de Vigo e para iso, por suposto, intenta tamén abafar todo o que pode a esta cidade. Esta é a situación. No Bloque Nacionalista Galego non temos moi claro se a política de presentar mocións practicamente iguais todos os meses neste Pleno realmente vai servir de algo, porque xa levamos unhas cantas e non parece que sirva de moita cousa, pero por suposto que as imos apoiar cada vez que se presenten porque si entendemos que a Deputación de Pontevedra tamén ten que asumir as súas responsabilidades sobre os servizos que lles hai que ofrecer aos cidadáns e cidadás de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Aquí hai dous temas básicos: un é a falla de xestión de grupos que non xestionan nin saben xestionar, que son incompetentes á hora de tomar decisións. Outro tema, que é a liña de traballo do Partido Socialista, é a confrontación unha vez máis coas outras administracións. Dálles igual quen teñan enfrente, o único que queren é confrontación co Partido Popular, é dicir, illar a esta cidade e que viva apartada de todo o mundo. Ao final veñen as consecuencias, ven que o presidente da Federación Española de Fútbol non trae un partido aquí porque hai un problema de confrontación, ou que a Volta Ciclista a España non ven porque houbo problemas no seu momento, etc.

Traio isto a colación porque vostedes presentan unha moción para falar do Museo de Pontevedra, museo emblemático non só na provincia ou en Galicia, senón a nivel nacional. Pois con el se fixo xestión, chamouse ao goberno de España, acadáronse fondos europeos, chamouse a Xunta de Galicia e construíuse un museo que era necesario porque así o demandaban os veciños e veciñas, porque ten máis de 250.000 visitas anuais e unha colección que non vou relatar aquí pero é das máis importantes que hai en Galicia nestes momentos. Polo tanto teñan claro que o Museo de Pontevedra é tamén un museo de Vigo.

Hai algúns que falan do tempo que eu levo en política. Eu síntome orgulloso de que o MARCO e o Museo do Mar foran dúas xestións dun goberno do Partido Popular no seu momento, dúas referentes culturais e históricas para esta cidade e tamén dous sitios emblemáticos. Estes dous museos xestionáronse do mesmo xeito: chamando ás portas da administración do goberno de España, da Xunta de Galicia, de fondos europeos e mesmo da propia administración local. Así é como se xestiona.

A min daríame vergoña presentar unha moción para falar de cultura cando teñen pechado o Museo Liste, a colección Pacheco non se sabe nin como está, o Centro de Artesanía Tradicional tamén está pechado, perderon a Colección Maside, o Museo Quiñones de León está momificado, o Centro de Fotografía non existe e resulta que a Pinacoteca se abre de noite, debe ser para o “botellón” ou algo así porque de día está pechada e ábrese a partir das seis da tarde cando non hai turistas na cidade; o Verbum, Sra. Veloso, ese museo que xestionaron vostede, ese si que ten ao seu carón un Corner Hut e un McDonalds. Xa me relatará a xestión que fixeron vostedes no Verbum durante os últimos anos. Polo tanto é difícil entender que alguén poida falar de cultura nesta cidade cando está todo totalmente pechado.

Non é un problema económico senón de xestión porque hai que intentar buscar recursos noutras administracións, intentar colaborar e cooperar con elas. Nós non vivimos illados, non podemos vivir nun Vigo pechado que defende un localismo trasnoitado. Nós queremos un Vigo aberto que lidere Galicia, non que lidere Vigo só.

Iso é o que están facendo vostedes, tentando morder na man de quen dá de comer. Non se pode facer iso porque esta cidade ten que intentar buscar por todos os medios colaboración e cooperación con outras administracións, pero iso é o que vostedes non fan. Non saben xestionar, dá igual o diñeiro que lle poñan enriba da mesa que non xestionan.

Díganme vostedes por que todos estes centros que relatei están pechados. Hai ou non diñeiro? Non din que este Concello é solvente, que sobra o diñeiro? Se neste Concello sobra o diñeiro, por que non se xestionan estas cousas cotiás que son fundamentais e primordiais?

Que fixo o Partido Socialista pola cultura? Construír o Verbum, a Casa das Palabras? Vaia ruína e vaia proxecto máis nefasto para esta cidade. Pero mentres outros construíron e xestionaron o Marco e o Museo do Mar que é un aval tamén importante á hora de poñer como mostra de xestión e de como se fan as cousas.

Hai que colaborar e cooperar entre todas as administracións e hai que intentar buscar o que nos pertence e demandar o que os veciños e veciñas desta cidade queren pero sen confrontación; con colaboración e cooperación. Esa é a cidade que nós queremos e vai ser a cidade que nós imos tentar defender porque é única e

exclusivamente o xeito de defender Vigo.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sr. Figueroa, como se atreve a dicir semellantes barbaridades? Con catro millóns de euros eu xestiono a gusto. Con cero euros da Deputación de Pontevedra dígame vostede como xestionamos.

Teño papeis. Teño aquí a certificación do 3 de setembro de 2011 do Marco onde se ve que o Ministerio de Cultura ingresou 0 euros; o Concello de Vigo 201.250 euros cando xa ingresara outros 201.250 euros; a Consellería de Cultura 0 euros; o Ministerio de Cultura e a Deputación de Pontevedra 0 euros. O que pasa é que a cidade de Vigo, malia vostedes, está liderando o municipalismo e senón mire onde está o alcalde de Vigo, onde aparece cando vai Madrid e todo iso malia vostedes. Queren acabar coa cultura porque así acaban coa liberdade pero non o van conseguir porque non lles imos deixar.

Pero tamén lle falo da Fundación Laxeiro, algo do que non falamos nunca. Para esta Fundación o Concello de Vigo destinou 82.000 euros. Pero non lle vou mentir e doulles as cifras do ano 2011: O Concello de Vigo achegou 86.151 euros, a Deputación de Pontevedra 24.000 euros. Neste ano 2012 o Concello de Vigo achegou 86.151 euros e a Deputación de Pontevedra, que ten unha partida orzamentaria de 12.000 euros, ingresou 0 euros.

Falou vostede de colaboración e cando fala de confrontación, que significa iso? Imos distinguir: é confrontación ou castigo? Non é o goberno que vostedes queren e por iso castigan e retiran absolutamente todo? Eu tamén son maior e estiven en moitos sitios. Lémbrese vostede daquela subvención que daba a Deputación de Pontevedra aos "Amigos da boina" de Pontevedra? Eu levantárame e preguntara que era iso. Ben que agora se lles chame doutro xeito pero vostedes veñen subvencionando aos "amigos da boina" e aos veciños de non sei onde que tamén necesitan darse unha festa de cando en vez.

Estamos falando de cousas serias, estamos falando de colaboración. Non fale vostede de confrontación porque eu fálole de castigo. Pero tamén lle digo que non pechamos o Museo Liste, do que se trata é de facer as cousas ben.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Abelairas Rodríguez, instando ao goberno da Deputación Provincial de Pontevedra a que dote nos seus orzamentos as correspondentes partidas con dotación equivalente á asignada ao Museo Provincial de Pontevedra para contribuír ao financiamento dos centros e fundacións da rede de museos e expositiva da cidade de Vigo, que está promovida pola súa Administración Municipal e que ven dando servizo á cidadanía da provincia de Pontevedra, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.-(177).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL UN PLAN DE INVESTIMENTOS PARA HUMANIZACIÓNS DAS RÚAS E ESTRADAS DE VIGO QUE SINALA. EXPTE. 531/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de setembro, número 531/1101, o concelleiro do Grupo municipal socialista D. David Regades Fernández, formula a seguinte moción:

“Ao longo destes anos, o Goberno de Vigo fixo obras de mellora na cidade que ascenden a mais de 300 rúas, renovando as súas infraestruturas hidráulicas, de abastecemento e saneamento, as infraestruturas de subministro eléctrico, alumeadado e comunicación na cidade de Vigo que afectan a rúas onde vive un

número importante de vigueses e viguesas.

Mentres tanto, a Deputación de Pontevedra fixo abandono de función nas rúas desta Cidade da súa competencia.

Por todo isto solicitamos o seguinte acordo:

1.- Instar, así mesmo á Deputación Provincial de Pontevedra, a acordar co Concello de Vigo, un plan de investimentos para humanizar as seguintes rúas da cidade de Vigo:

- PO-7001 Vigo-A Garrida / Parte da Avda. E. Martínez Garrido na denominada rúa Ceboleira continuando pola rúa Alcalde Lavadores, Estrada de Bembrive, praza Mosteiro, Estrada da Coutada, Estrada do Porto, Estrada da Garrida ata desembocar na Estrada de Valladares.
- PO-7002 Beade-As Carneiras/Rúa Ramiro Pascual.
- PO-7003 Coruxo-Canido/Estrada do Vao dende a Estrada de Camposancos ata a praia.
- PO-7004 Gran Vía-Avda. de Madrid/Estrada Provincial.
- PO-7005 Meixoeiro-CUVI/Acceso ao CUVI dende a A-55 denominada Estrada das Prantas.
- PO-8103 Rebullón-Meixoeiro/só uns 100 metros no termo municipal de Vigo conectando a Estrada das Prantas co Rebullón.
- PO-8105 Puxeiros-Peinador/só uns 100 metros no termo municipal de Vigo nas inmediacións do Aeroporto."

A Comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 17 de setembro, ditaminou favorablemente a presente moción.

DEBATE.- SR. RIVAS GONZÁLEZ: Preséntase esta moción coa finalidade de reclamar investimentos en Vigo por parte da Deputación. Como saben vostedes a poboación de Vigo representa un 35% da provincia. A Deputación destina uns 200 millóns de euros para investimentos, dos que á cidade de Vigo lle corresponden 70 millóns.

Dado que a Deputación non ven facendo estes investimentos na cidade, se sumamos os últimos cinco anos a súa débeda con esta cidade ascende a 350 millóns, case o custe do novo hospital que tanto necesita esta cidade.

Por todo iso esiximos á Deputación que atenda nesta cidade os viais da súa competencia: o PO-7001 Vigo-A Garrida, PO-7002 Ramiro Pascual nas Carneiras-Beade, PO-7003 Coruxo-Canido, PO-7004 Estrada Provincial, PO- 7005 Meixoeiro-CUVI, PO-8103 O Rebullón-Meixoeiro e PO-8105 Puxeiros-Peinador xa que estas

rúas, competencia da Deputación, son as que peor están na cidade.

Estas zonas están moi poboadas, nelas viven milleiros de vigueses e viguesas que queren ser cidadáns e cidadás de primeira como os que viven nos centos de rúas que se humanizaron dende este goberno municipal.

Señores do PP, se hoxe non apoian esta moción terán que render contas diante dos veciños deses barrios e parroquias do que están a facer negando que se arranxen viais principais do noso contorno, porque seguro que para vostedes é máis importante construír un campo de fútbol en Pontevedra, gastando máis de vinte millóns de euros, ca dar resposta a todas estas demandas. Señores do PP, sexamos serios.

Sr. Figueroa, vicepresidente da Deputación, que non lle lembren a vostede por seren quen menos fixo en Vigo porque, aínda que lle pareza increíble, algún día ata vostede deixará a política e sentaríalle moi ben que os veciños do Meixoeiro, Coruxo, Canido, Ramiro Pascual, Estrada Provincial ou da Garrida lle desen as gracias por participar na sinatura dun convenio entre a Deputación e o Concello de Vigo para humanizar todas estas rúas.

Sr. Figueroa, nós tendémoslle a man e dende aquí queremos facer ese chamamento e brindámonos a esa colaboración que vostede pide.

Humanizar as rúas non só é “facer as beirarrúas” como lemos nalgún medio de comunicación que di o PP; é poñer canles, separar pluviais de fecais, poñer un novo abastecemento para garantir a calidade da auga e a súa presión, é colocar un novo alumeadado máis eficiente que consuma menos e alumee cunha maior calidade; tamén é levar internet con alta capacidade a todos os puntos da cidade; é ter unha subministración eléctrica soterrada, segura e adaptada ás necesidades do século XXI; é que entre o asfalto e as beirarrúas aparezan árbores e plantas que permitan combater o CO₂; é poñer mobiliario urbano para que as persoas maiores que antes non saían da casa por ter unha autonomía reducida, poidan saír e ter un banco ao carón da súa vivenda onde sentar e relacionarse; é tamén ter papeleiras e illas de reciclaxe. E como non, beirarrúas nas que a xente non tropece por estar as lousas levantadas ou que non salpiquen no inverno por estar encharcadas; viais máis seguros con pasos de peóns salientados para reducir a velocidade. En definitiva, Sr. Figueroa, facer unhas humanizacións nas que a calidade de vida sexa o obxectivo principal.

Señores do PP, se hoxe din que non a esta moción tan clara e sinxela, terán que dar a cara diante dos veciños e explicarllo porque, ademais de facer estas humanizacións e do que representan aínda que vostedes o descoñezan, forman parte da xeración de emprego.

Daremos coñecemento deste acordo a todos os veciños e veciñas desta cidade, os que viven nas rúas que lles relatei, porque están agardando unha resposta. Nós agardamos que sexa positiva por parte do Partido Popular.

SRA. VELOSO RÍOS: Nesta moción o Partido Socialista demándalle á Deputación de Pontevedra que exerza as súas funcións e responsabilidades na conservación e nos investimentos que son precisos para garantir a seguridade e a mobilidade dos cidadáns e das cidadás de Vigo.

Dicía o Sr. Rivas que non sabía cal sería a explicación na Deputación de Pontevedra para non facer estas obras na nosa cidade. Seguramente o Sr. Figueroa nolo explicará con todo detalle porque, aínda que levamos meses debatendo mocións nas que se insta á Deputación de Pontevedra a investir na nosa cidade e a maior parte das veces contestábase concisamente, ultimamente si que empeza darnos respostas moito máis abondosas e con moitas máis argumentacións e exemplos. Vese que se achegan datas importantes na política deste país e o Sr. Figueroa comeza a implicarse moito máis. Aínda así resulta curioso que sistematicamente o Partido Popular vote en contra de investimentos nesta cidade; pero así é.

Por iso eu coido que podería mesmo avanzar a resposta e unha das argumentacións seguramente sexa que é imposible entenderse e chegar a acordos co Concello de Vigo, cousa que tampouco deixa de ser completamente falsa.

De feito no Pleno da Deputación do 29 de xuño houbo un punto que era "Aprobación inicial do Proxecto de mellora da seguridade viaria na Estrada Provincial EP-2004 Beade-Carneiras-Vigo". Cando este punto foi á comisión informativa o grupo do Bloque Nacionalista Galego vira o expediente e o seu voceiro, Cesáreo Mosquera, fixo mención a un feito curioso, feito que nos sorprende porque normalmente cando se poñen en marcha este tipo de obras sempre hai no expediente algún tipo de acordo, convenio, etc., co concello no que se sitúa a estrada.

Neste caso o único que había era un informe da Policía Local pero non había ningún

tipo de documento directamente dalgún departamento deste Concello; nin do departamento de Tráfico e Seguridade, nin da propia Alcaldía. Semellaba que toda a comunicación que se realizara dende a Deputación con este Concello fora coa Policía Local que emitira un informe por solicitude da Deputación de Pontevedra. Aprobouse este Proxecto de mellora da seguridade viaria na Estrada Provincial Beade-Carneiras e a nós realmente satisfíxonos aínda sendo unha obra moi pequena, de moi poucos metros.

Esta é unha mostra clara de que a comunicación entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo non é como co resto dos concellos da provincia, nin está dentro das normais relacións que ten que haber entre distintas administracións responsables de dar servizos á cidadanía.

Nós agardamos que para estas demandas, que ademais das facer dende o Pleno do Concello esperamos que tamén se fagan na propia Deputación, haxa unha mellor comunicación entre as dúas administracións, haxa acordos entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra porque hai algúns casos nos que é realmente importante para a seguridade viaria da cidadanía de Vigo, como por exemplo o caso da rúa Cebreira onde de feito non hai moito houbo un accidente mortal. Agardamos que haxa un acordo entre o Concello e a Deputación para poder solucionar esa situación.

Como entendemos que a Deputación si ten que investir tamén nas estradas provinciais que están no termo municipal de Vigo, imos votar a favor desta moción. Pero tamén lamentamos esta falta de entendemento e tamén que seguro que o Partido Popular volva votar en contra.

Neste intre se produce unha interrupción no desenvolvemento da sesión por dúas persoas que están a dar voces no salón do Pleno, tendo que pedir silencio en repetidas ocasións a Presidencia.

SR. FIGUEROA VILA: É completamente distinto o que presenta o goberno e o que dende a Deputación coidamos que son obxectivos primordiais nestes momentos de crise que estamos a vivir.

Claro que nós pensamos en instalacións que dean servizo a colectivos importantes como por exemplo os nenos e nenas desta cidade, claro que pensamos nos campos

de fútbol e en instalacións deportivas. Por suposto que pensamos en todo iso porque cremos que os nenos de Valladares, de Cabral, de San Andrés de Comesaña, de Teis, de Coruxo, Sárdoma, Candeán, Meixoeiro, A Bouza, Beade e Matamá necesitan instalacións para realizar as súas actividades. Son instalacións que dan servizos importantes aos veciños.

É importante que se atenda aos colectivos culturais como son as bandas de música, as mostras folclóricas, corais..., en definitiva colectivos que nesta cidade teñen unha importante demanda de actividades.

Pero tamén dende a Deputación destinamos nos últimos anos máis de cinco millóns de euros a aspectos sociais de colectivos que o precisan máis ca nunca. É un obxectivo e unha prioridade da Deputación de Pontevedra axudar a estes colectivos: Rede de mulleres contra os malos tratos, Hospital da Nosa Sra. de Lourdes, Asociación Aida, Alborada, Autismos, Igualarte, Asociación Madro, Cáritas Tui-Vigo, Asvidal, Asociación Alento, Médicos para o mundo, Ayuvi... Son máis de cincocentos colectivos culturais, sociais ou deportivos que reciben axudas da Deputación.

Nós consideramos e dicimos claramente que este aspecto agora mesmo ten prioridade por riba das humanizacións. Estamos intentando axudar a eses colectivos que o precisan. Todos os aspectos destes tres sectores, culturais, sociais e deportivos, son prioritarios para nós e é necesario dar cobertura ás demandas que presentan e seguiremos insistindo nesta liña de traballo.

O dato de máis de trinta millóns de euros destinados á cidade de Vigo nos últimos anos pódese confirmar e ratificar con esas axudas que levamos dando nos últimos tempos.

Esa é a política que estamos facendo dende a Deputación na cidade de Vigo. Parécenos que todo isto ten máis prioridade cas humanizacións ou melloras de infraestruturas. Tamén é certo que malia a crise, nós estamos mantendo os nosos viais en debidas condicións.

Dende a Deputación de Pontevedra vaise seguir insistindo nesta liña de traballo e así eses máis de cincocentos colectivos que pode haber na cidade de Vigo, que eu coido que se aproximan ao milleiro no seu conxunto, están atendidos perfectamente por esta Deputación. Coido que é un traballo social de relevancia cando todos coñecemos perfectamente as condicións nas que viven moitas

familias.

Imos seguir insistindo nesa liña. Parécenos que falar agora mesmo de corenta millóns de euros para un campo de fútbol sería facer demagogia e sobre todo cando vostedes tiveron a oportunidade en tempos de bonanza, cando viñeron máis de cen millóns de euros da administración central para infraestruturas e non lle destinaron nin un só euro. Gustaríame saber onde está ese proxecto do campo de fútbol de Balaídos ou os proxectos desas infraestruturas que vostedes solicitan.

Pero tamén botamos de menos que esa inquietude que teñen non a amosen co Sr. Almuiña para falar do naval, apoiar ao sector da automoción ou ao turismo da nosa provincia, como tampouco para que se poida construír o novo hospital de Vigo, rematar as execucións na ETEA, ou para ceder os terreos da Cidade da Xustiza e se poida construír, ou os terreos para que se poida levar a cabo a biblioteca do Estado. En definitiva son todos eses sectores estratéxicos que necesitan de axuda e vostedes están mirando e asubiando cara outro lado sen se decatarse do que acontece na nosa cidade.

Pero si hai un goberno do Partido Popular que claramente se está implicando. Como algúns falan de pequenos barcos cuxo custe está inflado electoralmente polo Partido Popular? Como se pode dicir iso cando hai dous buques que se van construír en Galicia, un deles en Vigo, con 150 millóns de euros de investimento, que alguén poida falar de pequenos barcos.

Ese é concepto que teñen vostedes das infraestruturas e dos sectores estratéxicos.

Durante a intervención do Sr. Figueroa Vila a Presidencia tivo que pedir silencio repetidamente, indicando ás dúas persoas implicadas que, de non calar, tería que mandar desaloxalos do salón do Pleno.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sr. Figueroa, síntoo pero unha vez máis vostedes volven mentir pero o máis importante é que xa non son cribles. Cando se lles tende a man e se lles di que queremos asinar un convenio coa Deputación de Pontevedra buscan escusas, unha tras outra. Xa dixo aquí algún concelleiro que vostedes só tenden a man nos sitios onde gobernan, pero onde non queren gobernar por atrás como fixeron coa Área Metropolitana e intentan buscar escusas dicindo que non somos cribles ou que non sabemos gobernar.

Sr. Figueroa, hoxe é un día triste para os veciños da Garrida, Carneiras, Coruxo, Puxeiros, Meixoeiro e Estrada Provincial porque coa negativa a esta moción perden a ilusión de mirar feita e executada unha das súas demandas que veñen reclamando ano tras ano. Un número importante de vigueses non vai ter a posibilidade de ver executadas esas obras.

Pero non esqueza, Sr. Figueroa, que os responsables son vostedes que son os que teñen as competencias nesas viais. Non nos veña dicir que vostede inviste en temas deportivos ou sociais, ou que non é o momento porque claro que o é. Día tras día vemos e coñecemos a situación das familias xa que tanto o alcalde como todos os concelleiros que estamos aquí andamos pola rúa e vivimos estas situacións. Cando pedimos as obras facémolo porque xeran emprego que é o que realmente están necesitado nestes momentos todas esas familias.

Ademais creo que o que vostedes pretenden é deixar de investir nesta cidade, iso é o que veñen facendo e así se dixo ao longo deste Pleno. Interésalles máis facer un campo de fútbol e investir nel máis de vinte millóns como fixeron no Pasarón en Pontevedra.

Todas as rúas que lles estamos reclamando son da súa competencia. Como nos está a dicir vostede que lles fai mantemento? Que poden dicir os veciños de Coruxo cando ven a foto de como está? E os da Estrada Provincial onde investiron catro euros en darlle unha man de piche sen facer ningún tipo de humanización, deixando todo como estaba e así agora se atopa nesta situación que lles mostro na fotografía? Son veciños e veciñas que veñen demandando que se leven adiante esas obras e hoxe vostedes están a castigalos unha vez máis como é habitual.

Cando nos fala de saber xestionar, Sr. Figueroa, a que lle chama saber xestionar? A levar os cheques no peto para llo repartir ao seu destinatario final? Ese non é o tipo de política que fai este goberno. Este goberno fai xestión e a forma de xestionar está na rúa onde todos nós vemos como os vigueses e viguesas teñen executadas todas as obras que realmente queren levar adiante e como se lles solucionan todos os servizos día a día, miran como están as rúas e cando saen poden ter un banco onde se sentar e un lugar de encontro.

Señores do Partido non nos dean clases. Hoxe, Sr. Figueroa, vostede perdeu aquí a oportunidade de pasar á historia asinando un convenio con esta cidade, pero non a quixo e por iso asuma as consecuencias.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, instando á Deputación de Pontevedra a acordar co Concello de Vigo un plan de investimentos para a humanización de varias rúas da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.-(178).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao

correspondente Libro de Resolucíons, entre as datas 10 e 20 de setembro de 2012.

1.2.-(179).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucíons asinadas polas Concellerías Delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ao correspondente Libro de Resolucíons, entre as datas 10 e 20 de setembro de 2012.

1.3.-(180).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 14.09.12 RELATIVA Á DELEGACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS NA ÁREA DE MOBILIDADE, TRANSPORTES E SEGURIDADE NO CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 14 de setembro de 2012, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia de D. Carlos López Font dende o 15 ao 23 de setembro de 2012, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 13 de xuño de 2011, no concelleiro D. Carlos López Font, delegado da Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, durante a súa ausencia, do 15 DE SETEMBRO DE 2012 ao 23 setembro de 2012, recuperando novamente a súa vixencia a devandita Resolución ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Carlos López Font no concelleiro D. Ángel Rivas González, delegado da Área de Distritos, Parques, Xardíns e Limpeza dende o 15 DE SETEMBRO DE 2012 ao 23 DE SETEMBRO DE 2012, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

S. Ordinaria 24.09.12

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma”.

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

1.4.-(181).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 14.09.12 RELATIVA Á DELEGACIÓN TEMPORAL DE COMPETENCIAS NA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL NA CONCELEIRA SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 14 de setembro de 2012, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia de D. Carlos López Font dende o 17 ao 21 de setembro de 2012, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no artigo 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no artigo 43 e ss do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

Primeiro.- Avocar as competencias delegadas, segundo a miña Resolución do 13 de xuño de 2011, no concelleiro D. Carlos López Font, delegado da Área de Xestión Municipal, durante a súa ausencia, do 17 DE SETEMBRO DE 2012 ao 21 DE SETEMBRO DE 2012, recuperando novamente a súa vixencia a devandita Resolución ao día seguinte do período indicado.

Segundo.- Delegar as competencias avocadas durante a ausencia de D. Carlos López Font na concelleira D^a María Isaura Abelairas Rodríguez, delegada da Área de Cultura, Festas e Política de Benestar, dende o 17 DE SETEMBRO DE 2012 ao 21 DE SETEMBRO DE 2012, ambos incluídos.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados e xefes das áreas afectadas para o seu coñecemento.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor dende a súa sinatura sen

prexuízo da súa publicación no BOP, segundo o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución, de conformidade co sinalado no artigo 44.4 do RD 2568/1986, darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de quedar informado da mesma”.

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron

3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se realizaron

4.- MOCIÓNS.

4.1.-(182).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A AMPLIACIÓN DO HORARIO DA PINACOTECA E UN PLAN DE PROGRAMACIÓN HOMOXÉNEA E PLANIFICACIÓN HORARIA NAS INSTALACIÓNS CULTURALS. EXPTE. 527/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de setembro, número 527/1101, o concelleiro do Grupo municipal Popular, D. Roberto Relova Quinteiro, formula a seguinte moción:

“O Concello de Vigo investiu no pasado mandato máis de catro millóns de euros na adquisición e rehabilitación dos inmobles destinados á nova Pinacoteca de Vigo que albergaría as coleccións de pintura galega que ata o momento custodiaba o Museo Municipal Quiñones de León e que non era posible mostrar pola falla de espazo no mesmo.

Tras este gran investimento Vigo podería ofrecer como un dos grandes valores culturais e turísticos un plan de acción sobre o Patrimonio Artístico da cidade, dende os depósitos arqueolóxicos ata os extraordinarios contidos dos seus museos.

Lamentablemente a realidade é que tras realizar importantes investimentos os cidadáns que pretenden achegarse aos máis importantes espazos expositivos da cidade se atopan coas portas pechadas. Así os visitantes do depósito romano de Toralla viron restrinxido o seu acceso a 4 horas semanais e a nova Pinacoteca tan só abre 3 horas en días laborais. Todo isto por non falar dos museos que pecharon na cidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

Instar ao Goberno do Municipal a ampliar os horarios da nova Pinacoteca e do resto dos espazos expositivos da cidade de xeito que poidan ser gozados polos vigueses e visitantes.

Instar ao Goberno Municipal a crear un plan de programación homoxéneo nos diferentes contedores culturais de artes escénicas e musicais así como a crear unha planificación horaria e temática da rede de museos de Vigo”.

A Comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 17 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RELOVA QUINTEIRO: O Grupo municipal do Partido Popular volve presentar de novo neste Pleno un tema da maior preocupación que implica unha vez máis o abandono dos sinais de identidade e patrimonio da cidade de Vigo. É moi urxente proxectar e reestruturar a política da rede de museos, coleccións e práctica educativa respecto aos contidos.

Vimos, mellor dito padecemos, como a colección da Pinacoteca inaugurada hai pouco máis dun ano só abre en horario de 6 a 9 da noite, horario intempestivo para calquera museo do mundo, ao igual que o total abandono da súa promoción por parte do Concello xa que nin na súa páxina web aparece, pero tampouco na web de Turismo; iso si, outras obras de carácter privado teñen un lugar de honra nas mesmas.

Foron catro millóns de euros de investimento no edificio con apenas un número importante de visitas e, o que é peor, este verán coa chegada de milleiros de pasaxeiros dos cruceiros, dende que chegan ás nove da mañá ata as cinco da tarde, non teñen a opción de visitar o museo que prometía ser a gran xoia da coroa, museo que se atopa nunha localización impecable para proxectar o Casco Vello e o patrimonio creativo da nosa cidade. A pregunta é: desexan agochar a

Pinacoteca? Está previsto que tamén se peche coa excusa de que son poucos os seus visitantes?

Isto engádese ao cúmulo de despropósitos nos horarios de verán doutros museos que ven reducida a súa apertura ao público xusto na época na que máis visitantes recibe a nosa cidade. Maxinamos que o goberno municipal inventou un novo perfil do visitante: perdido e ignorante. O alcalde inventou a súa visión e concepto da cultura a través da súa emotiva frase: “veñen polo bocadillo”. A cultura dos pobres ou o que é igual, os mortos de fame.

O abandono do noso gran museo “Quiñones de León”, cunha estrutura de goberno avellentada e cuns estatutos obsoletos de 1981, padece do esquecemento máis inxusto. O Castro e Toralla, os outros museos que pecharon como o Liste ou o Museo Pacheco ou os que non abrirán como o Centro de Fotografía; todo permanece igual ca hai dous meses cando se nos dixo que todo ía ben e que todo abriría, pero o certo é que levamos máis dun ano asistindo ao desmantelamento cultural da cidade e do seu patrimonio. O goberno municipal caeu nunha antropofaxia cultural.

Sinceramente en calquera lugar do mundo é necesaria unha planificación da rede de museos e non un entretecido de mentiras que destrúen emprego e a ilusión da cidadanía.

O mesmo acontece coas programacións das artes escénicas e outros espectáculos. Hai dúas semanas Vigo viviu unha situación irregular con actuacións de varios artistas e os seus monólogos, algúns deles preguntábanse se Vigo era a capital do Club da Comedia, ou o máis arrepiante: en menos de dous meses programáronse cinco “Lago dos cisnes”. Diante de tanto “lago” o público optou por non ir a ningún por se acaso afogaba. Así con outras representacións musicais que se contra-programaban de xeito non usual nunha cidade cunha área de cincocentos mil habitantes, nin sequera en Madrid ou en Barcelona onde asisten cada tres ou cinco anos a esta obra de Tchaikovsky.

Lembrarán que neste Pleno se presentou un plan de acción cultural por parte do Partido Popular no que se contemplaban estas situacións e posibles solucións.

En síntese, a implicación entre políticas culturais e políticas de fomento ás industrias culturais debe garantir tanto o desenvolvemento económico como as condicións para que as distintas culturas teñan a oportunidade de se expresar

dende os seus propios contextos. A confluencia de obxectivos entre ambas políticas en favor da equidade e a diversidade cultural poderá contribuír a acadar que as entidades se fortalezan e que a circulación de bens e servizos sexa equitativa e se poña ao servizo do diálogo, o intercambio e o enriquecemento entre culturas.

A clave da innovación pasa por extraer vantaxes competitivas derivadas da súa unidade lingüística e cultural. Na cultura atópase o sedimento do que brota a enerxía creativa das empresas e as nacións, pero máis aló do importante que resulta compartir os mesmos valores, convén fixarse nas transformacións que se están producindo na xeopolítica da cultura. O auxe dos países emerxentes reconfigurou o mapa das industrias creativas e de contidos propiciando a apertura de novas redes de intercambio e acollendo capitais artísticas nacentes en México, Río de Janeiro ou Miami, que xeran os seus propios produtos audiovisuais e literarios competindo a escala mundial en Londres, Hong kong ou Bombai.

Non podería ser Vigo unha cidade emerxente a través da cultura dende o seu patrimonio arquitectónico, histórico, literario, paisaxístico ou de museos? É o momento, é a gran oportunidade desta cidade. “Construímos barcos, fabricamos coches, lanzamos satélites ao espazo e rodeámonos dunha das paisaxes máis belas do mundo”. Esta non é unha frase dun filósofo, senón que é do meu compañeiro Miguel Fidalgo; é moi acertada e de verdade esperta unha auténtica realidade.

Coido lembrar que a creatividade, traballo e cultura do esforzo van da man. Como dicía Thomas Alba Edison: “O xenio consiste nun 1% de inspiración e nun 99% de transpiración”.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Canta cháchara, Deus meu, unida a canta incoherencia política.

Hai exactamente dez minutos, que non tres anos, o Partido Popular acaba de votar en contra dunha moción que lle pedía á Deputación que investise na rede de museos de Vigo. Hai dez minutos que o Partido Popular dixo que non quere que a Deputación invista na rede de museos desta cidade e dez minutos despois pide, cousa na que estamos de acordo, un plan de museos e que a Pinacoteca abra máis horas. Pide e pide e fala e fala; canta cháchara e canta incoherencia política.

Eu sempre pensei, Sr. Relova, que logo de que o Partido Popular dixera neste Pleno que non quere que a Deputación invista na rede de museos vostedes, cando menos

e por decencia, retirarían esta moción.

Non se pode ser tan indecente politicamente falando, porque acabamos de comprobar aquí que vostedes non defenden os intereses desta cidade. Acaban de dicirle á Deputación que non invista en Vigo, na súa Rede de museos e agora son quen de reclamar a ampliación de horarios, etc. De verdade, canta indecencia política!.

Benvidos á firme defensa agora da Pinacoteca. Acaba de dicir o Sr. Relova que a súa localización é impecable cando o Partido Popular nos acusou de “*pelotazo*” urbanístico. De todos xeitos benvidos a estimar o valor que si ten a Pinacoteca.

Digo incoherencia política porque o que vostedes lle reclaman ao goberno local, nós tamén o reclamamos. Nós imos votar a favor desta moción porque somos coherentes xa que hai dez minutos dixemos que queremos que a Deputación invista en Vigo; e dez minutos máis tarde diremos que queremos que o goberno local se poña as pilas en materia cultural que, por certo, as ten bastante esgotadas, por non dicir que non se lle ven por ningures. Iso é coherencia política: apoiar o que é xusto independente de quen o propoña e de contra quen vaia, señores do Partido Popular. Coherencia política é apoiar as cousas positivas independentemente de quen as propoña e de contra quen vaian. Pero sempre que se defende a Vigo e se vai en contra da Deputación ou do propio goberno do Sr. Núñez Feijóo, vostedes votan en contra. Nós non o imos facer.

Pero si lle imos dicir ao goberno local que dende as filas nacionalistas vimos demandando que se poña as pilas en materia cultural. O Sr. Alcalde dicía hai uns meses que o CAT abriría no mesmo sitio, que o Liste tería maior potencialidade, que a Pinacoteca tería promoción e demais, pero ao día de hoxe, Sr. Alcalde e señores do goberno municipal, non vemos absolutamente nada por ningures.

Co anterior goberno deixamos nesta cidade unha Rede de museos perfectamente planificada e vertebrada, cun elemento integrador como é o Museo “Quiñones de León” e con outros elementos complementarios como a musealización de Toralla e do Castro, como a Pinacoteca, o Centro Galego de Fotografía, Arquivo Pacheco e a nova reorganización do Museo Verbum. Despois de máis dun ano vostedes non fixeron nin unha soa actividade ou iniciativa nova para potenciar esa rede de museos que lles deixamos.

O goberno local está caendo na mesma política que está facendo a Xunta de

Galicia en canto a cultura: falla de planificación, de apoio á cultura de base, de iniciativas que potencien as nosas raíces culturais en todos e cada un dos seus aspectos, pero iso si, gastando cartos a Xunta de Galicia na Cidade da Cultura e demais malgasto.

En definitiva, señores do Partido Popular, canta indecencia política cando din que non queren que invista a Deputación en Vigo e agora pedir a ampliación da rede de museos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non sei se é indecencia ou se é moita cara. Comezarei polo final porque penso que o Sr. Relova ten falla de información malia tanta cita que deu. Non as utilice máis porque queda feo.

Voulle explicar o plan de museos e horarios da programación que xa debería coñecer porque se presentou o 1 de xullo. Comezarei polo final porque coido que hai cousas que aclarar.

Aclararei o referente ao Museo Liste e ao Arquivo Pacheco. En canto ao Arquivo Pacheco, a día de hoxe as imaxes cedidas son 232. Cando falamos da conservación, da planificación ou da catalogación dun arquivo hai que falar con determinada coherencia. Cando eu me fago cargo do departamento o primeiro que fago é saber onde estou e para iso pido informes, visito sitios e asesórome porque non son a máis lista da clase aínda que tampouco a máis burra, pero cando chego aos sitios procuro informarme de onde estou, saber que é o que teño diante e logo en función de todo iso facer unha programación.

A miña sorpresa foi cando pedín un informe, que poden ver os señores Relova e Domínguez, que textualmente di "*Mimelón*" e van entender por que, xa que di o seguinte: "Os meus labores no arquivo, como ben sabedes, estaban destinadas estritamente á pescuda e á investigación para sacar do anonimato cada unha das imaxes do arquivo. Para iso non se pode dicir que exista un protocolo estipulado, é moi complicado e o máis complicado é que está menos estipulado pois se leva a cabo mediante un proceso que implica a utilización da nosa memoria e retentiva adquirida cunha información de análise e contacto coa imaxe". Segundo os arquivistas de Galicia isto é cando menos unha burrada porque se un día falla a memoria non hai nada escrito nin nada que dea fundamento.

O Arquivo Pacheco xamais se pechou. Estase conservando o material que temos e

procurando que despois se poida clasificar e inventariar coas condicións que indican os arquivistas de Galicia.

Como teño moitas ganas de aclarar esta situación, dígolles que o alcalde non pechou o Museo Liste. Si houbo un erro xa que nos orzamentos aparecía este Museo cunha dotación de 6.000 euros cando o ano anterior tivera 96.000 euros; pero absolutamente ninguén emendou ese erro, nin sequera o fixo o mesmo Museo Liste que ben puido presentar unha alegación. Pero como nós procuramos colaborar e non ordenar, o alcalde deu unha orde para asignar 146.000 euros, o que levará ao funcionamento do Museo Liste e do Centro de Artesanía Tradicional que comporán o futuro Museo Etnográfico da cidade de Vigo.

Con respecto ao plan de homoxeneización, horario e programación, o novo plan horario da rede de museos, que entrou en vigor o pasado 1 de xuño, foi o resultado dun amplo consenso e diagnóstico do seu funcionamento, ademais tendo en conta tamén aos outros museos da cidade como o de Novacaixa ou o da Fundación Barrié de la Maza. O obxectivo principal foi a creación desa rede de museos que funciona cunha xestión coordinada entre os cinco museos expositivos (Castrelos, Verbum, Pinacoteca, Casa das Artes e Casa Galega da Cultura), entendendo as características propias de cada un, o seu contorno máis próximo e buscando unha especialización:

A Pinacoteca: pintura galega dende a primeira metade do século XIX ata finais do XX, incluíndo as novas salas que abren precisamente o martes día 25 coa pintura europea pertencente ao legado de Policarpo Sanz, depósitos do Museo do Prado e a sala dedicada a Colmeiro. Castrelos coas tres coleccións de arte: Legado de Policarpo Sanz, depósito do Prado, obxectos decorativos e escultura, arqueoloxía e historia da cidade. Verbum: exposición permanente no salón de actos vinculada ao mundo da palabra e da comunicación que, por certo, está aberto por petición dos colexios. Casa das Artes: Fundación Laxeiro na terceira planta (onde repito que a Deputación segue sen investir), Colección Torras na segunda planta e salas de exposicións temporais nas plantas primeira e baixa, programadas baixo criterios obxectivos de calidade e orixinalidade e o Arquivo Pacheco na planta baixa e sotos. A Casa Galega da Cultura onde, como vostedes saben, está a Fundación Penzol, o Museo Francisco Fernández del Riego e o salón de actos para eventos culturais e sociais da cidade.

Sr. Relova, coido de verdade que se debería informar e ver o que realmente está a acontecer cos museos da cidade de Vigo.

SR. RELOVA QUINTEIRO: Lamento traer artigos que ademais me doen. O primeiro que quero aclarar é que non entendo o que di o Sr. Domínguez cada vez que interveño nos plenos, semella que as miñas mocións teñen que pasar antes polo BNG para que mas fagan. Se traballo, se investigo, son un listo ou un pedante ou fanme as mocións. Non o entendo porque comigo a palabra “incoherencia” non vai. Sra. Abelairas, lamento moito que se publiquen nos medios artigos sobre os horarios dos museos de Vigo e que digan “son uns fenómenos”, referíndose a vostedes. Eu non escribín iso. Tamén saíu outro artigo que fala sobre “ver a palla no ollo alleo”, pero non o vou ler aquí polo meu gran respecto cara á súa persoa.

Sr. Domínguez, só chego á conclusión de que vostedes están presentando unha oposición dura, dogmática e vaidosa. “Crense donos non só da verdade ideolóxica, senón tamén da compaixón, da solidariedade e da xustiza social”, esta cita é dun artigo de onte de Vargas Llosa referido a dona Esperanza Aguirre e publicado en “El País”. Digo isto por citaren fontes e para que non me diga logo o Bloque que o copio todo.

Quero lembrarilles que nuns mellores momentos en Vigo se fixo cultura de verdade. Con D^a Corina Porro e co Sr. López-Chaves déronse as mellores manifestacións de museos que daquela funcionaban de marabilla, mostrouse unha das exposicións máis importantes do Estado español: a da famosa pintora Tamara de Lempicka; mostrouse na rúa unha moi famosa exposición dun escultor polaco: Igor Mitoraj e tamén se mostrou a Cow Parade; á parte de todas as coleccións que se exhibiron.

Sra. Abelairas, se hai diñeiro, se hai cinco millóns de euros para lle dar á concesionaria do Auditorio “Mar de Vigo”, tamén o haberá para isto.

Direi de novo unha frase, esta vez de Bertrand Rusell: “Os científicos fórzanse por facer posible o imposible e os políticos por facer o imposible posible”. Isto das citas axúdanos a reflexionar porque me están a dicir que en Vigo abren os arquivos, os museos, etc., cando ata as páxinas web están desactivadas, chámase aos teléfonos e non os colle ninguén porque están tamén desactivados e sae a telefonista de Telefónica dicindo que ese teléfono xa non existe ou xa non está en uso.

Por que non asumimos a verdade de que hai problemas de organización ou outros? Porque aínda que o Bloque non diga nada o que si que é incoherencia, é que levamos un ano desmantelando a política cultural que durante catro anos e medio se levara cabo.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con dez abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia e dezaseis votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Popular, Sr. Relova Quinteiro instando ao goberno municipal a ampliar os horarios da Pinacoteca e resto de espazos expositivos, así como á creación dun Plan de programación homoxénea nos diferentes contedores culturais de artes escénicas e musicais e planificación horaria e temática da rede de museos de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.2.-(183).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A AXILIZACIÓN DOS TRÁMITES PARA A OBTENCIÓN DAS TARXETAS PENSIONISTA I E II DO TRANSPORTE URBANO. EXPTE. 528/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de setembro, número 528/1101, o concelleiro do Grupo municipal Popular D. Marcos Araújo Pereira formula a seguinte moción:

“Os usuarios do Vitrasa que teñen dereito a uso das tarxetas de pensionista I e II estanse a ver prexudicados polos numerosos atrancos cos que se atopan na oficina habilitada no Concello para a obtención de dita tarxeta implantada por un goberno municipal do Partido Popular.

Á longa espera á que se ven obrigados os solicitantes na lonxa do concello únese a tardanza na tramitación ata que se lle entrega a tarxeta ao beneficiario, tempo no que os cidadáns que teñen dereito a esta bonificación non poden facer uso da mesma.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a axilizar os trámites para a obtención das tarxetas de Pensionista I e II para o transporte urbano”.

A Comisión informativa de Xestión municipal, na súa sesión do 17 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ARAÚJO PEREIRA: O contido da moción que traemos hoxe dende o Grupo municipal do PP para debater neste Pleno, ten que ver basicamente co servizo do transporte público desta cidade, as melloras neste servizo e o que os cidadáns da nosa urbe demandan e merecen.

En primeira instancia dende o noso grupo maioritario na oposición centramos o tema nos atrancos e falla da xestión que varios usuarios de Vitrasa atopan no servizo que o Concello ofrece para a obtención das tarxetas de pensionista I e II. Estes usuarios quéixánsenos da longa agarda á que se ven obrigados os solicitantes no noso Concello, agarda que quen lles fala comprobou acotío mirando as longas colas que se veñen conformando.

A estas agardas únese a tardanza na tramitación ata que se lle entrega a tarxeta ao beneficiario, tempo durante o que os cidadáns que teñen dereito a esta bonificación non poden facer uso da mesma.

Pero analizando o fondo e o contido en segunda instancia, en virtude da nosa obriga de buscar as causas das deficiencias que atopamos, chegamos comprobar que eses atrancos non son máis ca punta do iceberg.

Sei que posiblemente buscará a xustificación, Sr. Concelleiro, en que o procedemento para a obtención da tarxeta obxecto da moción non cambiou nos

últimos tempos, ao que lle damos a razón, pero o que si comprobamos é a ineficiencia do servizo que se lles presta aos cidadáns causada seguramente pola falla de persoal deste servizo, vacacións puntuais dalgunha persoa que realiza algúns dos trámites sen seren substituída ou causas de índole menor debidas a problemas co procedemento de trámite.

Dende este grupo municipal, en virtude da mellora continua que esta cidade se merece, analizamos e propoñemos solucións de mellora do servizo do que estamos a falar.

Dicía anteriormente que entre as causas do problema poderían estar problemas co procedemento da obtención de tarxetas, quizais a falla de coñecemento real do mesmo procedemento polos cidadáns, seguramente pola falla de información e transparencia eficaz do mesmo, ou procedemento ineficaz que garanta o servizo axeitado.

Nós propoñemos unha reunión co Comité Sectorial de Transporte ou coa Comisión de Transporte. Pero quero matizar que no anterior Pleno fíxose unha pregunta sobre se existía ou non esta comisión. Eu, por actas de anteriores Plenos deste Concello, decateime de que si hai comisión aínda que non sei se a fixeron desaparecer, pero coido que nesta cidade o transporte ten a importancia abondo para que polo menos haxa unha comisión.

Na reunión coa empresa pódese analizar o posible cambio ou a mellora do procedemento, garantir a mellora da información dos servizos do transporte público con puntos de información nas principais paradas, tal e como se oferta na concesión de Vitrassa que lles lembro que ten carácter contractual segundo o punto 2.4 do prego de condicións técnicas, e tamén, respecto á instalación da oficina de atención ao usuario, repoñer a oficina da Porta do Sol que o Concello eliminou.

En canto á falla de persoal das oficinas de atención ao cidadán que xera longas colas e perda de tempo aos usuarios, propoñemos que se utilicen os fondos que se aprobaron neste Pleno para o emprego para mellorar a promoción e o servizo do transporte público, cousa que podería beneficiar moito a este concello.

En canto ás vacacións do persoal que realiza algún trámite necesario para a expedición da tarxeta de pensionista I e II, propoñemos garantir que as tarefas dos servizos aos cidadáns sexan suplidas polo persoal do departamento en caso de vacacións.

A mellora continua e a atención de non conformidades é un dos principios básicos da calidade na xestión. Por desgracia para todos os que vivimos nesta cidade a falla de xestión e a falla de calidade no traballo dos membros do equipo de goberno deriva en milleiros de problemas como o que se está a tratar nesta moción.

Pero como dicía ao comezo da miña moción cando falaba da ineficiencia da xestión das tarxetas de pensionista I e II, isto só é a punta do iceberg, responde a que os problemas concretos normalmente aparecen porque non se teñen solucionado problemas globais.

SR. ALONSO PÉREZ: Aos membros do BNG parécenos ben esta moción e imos votar a favor para que se axilicen os trámites para a obtención da tarxeta polos pensionistas. Iso é o que propón a moción e aquí falouse doutras cousas que non están nela. Dada a situación social que temos, aos membros do BNG parécenos que hai que tomar outra serie de medidas.

Ao final de decembro do ano pasado subíronse 4 e 5 céntimos os prezos dos bonos e billetes. Agora no mes de setembro subiu o IVE por mandato do goberno central e porque dende o goberno local non se tomou ningunha iniciativa para o impedir. Temos unha situación social á que este Pleno debe ser sensible.

Sabemos que polas decisións do goberno central en materia económica a crise estase agravando. O goberno central e a Xunta de Galicia coas súas decisións políticas son responsables de que cada vez haxa máis paro, máis desemprego, máis familias que non poden chegar a finais de mes, mulleres que sufriron malos tratos e están sen cobrar o salario de liberdade, hai toda unha situación social que obriga a que este Pleno sexa sensible.

Sabemos que o Partido Popular no goberno central está sensibilizado coa situación dos grandes banqueiros, aí se preocupan, pero eu coido que tamén se deberían preocupar da maioría social que coas súas medidas están facendo que pague a crise e que cada vez exista unha situación de máis pobreza.

Xa lles dixen que estamos de acordo con que se axilicen os trámites para a obtención do bono dos pensionistas, pero pensamos que tamén é necesario tomar outras medidas. Polo tanto solicitamos que se engada o seguinte: "Instar ao goberno municipal a que antes do remate do ano presente un estudo que busque fórmulas que permitan aos colectivos máis desfavorecidos da cidade incorporarse

ás vantaxes e axudas na redución de tarifas que existe para outros”. Propoñemos esta engadido, ademais de aprobar a moción do Partido Popular.

SR. LÓPEZ FONT: Esta moción ten na súa exposición de motivos algunhas afirmacións inexactas. Creo que lendo o texto pódese crear unha certa alarma social en canto aos trámites que se realizan para a obtención da tarxeta de pensionista. O Partido Popular adoita usar unha estratexia como é a de pedir algo concreto nunha moción e logo falar en xeral do transporte público, por exemplo.

Eu invito aquí ao Partido Popular a que dunha vez por todas presente unha moción sobre transporte público, avaliando o que fixo o anterior goberno da Sra. Porro neste eido e o que está facendo o goberno de D. Abel Caballero.

Cando o Sr. Caballero chegou á Alcaldía desta cidade a achega orzamentaria do goberno para o transporte público era de 5 millóns de euros e no actual orzamento do ano 2012 ascende a 10,5 millóns de euros. A primeira medida que tivo que tomar goberno do Sr. Caballero conxuntamente co Bloque Nacionalista Galego foi en xullo do ano 2007 e foi unha modificación orzamentaria para pagar máis de 4 millóns polo transporte público.

En relación con esta moción téñolles que dicir que no 010 non figuran reclamacións sobre tardanza na obtención de tarxeta de pensionista I e II. Nos contactos que temos cos múltiples colectivos non houbo peticións por estas tardanzas e nos programas de radio e TV nos que sae o alcalde non se dá esta reclamación.

En canto á tramitación distinguimos entre tarxeta nova e renovación. A solicitude da nova tarxeta realízase na Oficina do transporte urbano situada na lonxa do Concello. Dende o mesmo momento no que se presenta a solicitude polo pensionista, esta se pasa de inmediato ao servizo de transporte onde se comproba se a persoa solicitante está no Padrón de habitantes; esta mesma solicitude envíase nun ficheiro ao Instituto Nacional da Seguridade Social para comprobar os datos da contía da prestación e tanto no INSS de Madrid como no de Vigo, unha vez comprobado que se reúnen os requisitos para a obtención desta tarxeta, entrégaselle a mesma ao pensionista en dous días. Coido que todo isto é un síntoma de eficacia na xestión.

Mención á parte merece o tema da renovación de tarxetas onde aínda o sistema é máis áxil xa que Vitrasa, o mes anterior ao da caducidade das tarxetas, envía a

mediados de mes un ficheiro no que anticipa cales son os pensionistas aos que lle vai caducar a tarxeta. Realízanse as mesmas comprobacións do Padrón e da pensión e a tarxeta entrégaselle ao pensionista no mesmo momento no que rematou a vixencia da anterior.

É evidente polo tanto que este é un sistema totalmente áxil e no que non hai ningunha demora. Eu non sei se vostedes, señores concelleiros do Partido Popular, cando pasan pola lonxa confunden as colas ou pensan que todas as persoas que están nela só veñen renovar as tarxetas de pensionistas. Pero o que é evidente é que, na contra do que din na súa moción, non hai atraso máis aló dalgún que se producira en vacacións, pero este é un sistema eficaz.

Coido polo tanto que a política do transporte público que está levando a cabo este goberno coa súa xestión e achegas, é moi diferente á do Partido Popular cando a Sra. Porro gobernaba esta cidade. O día que queiran falar do transporte público farémolo.

A maiores, como tamén é o noso obxectivo estender os beneficios sociais a outros colectivos, estamos de acordo coa emenda que presenta o Bloque Nacionalista Galego e así a aceptamos.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Coñecemos o procedemento da obtención da tarxeta bastante ben. Tamén comentamos xa que a súa resposta iría na liña que utilizaron. É certo que non cambiou o procedemento pero si é verdade o das colas e invítolle a que pase pola lonxa e vexa as colas cotiás.

Por outra banda, non estamos aquí para avaliar á Sra. Porro, senón que estamos para auditar o seu labor e iso tócalle ao meu grupo municipal.

Dicía que se investían 5 millóns de euros no transporte público e que vostedes pasaron a investir 10 millóns de euros, pero isto foi só na promoción de lanzadeiras e bonobús. Coido que non é para salientar porque o certo é que o número de usuarios está baixando cada día máis e esa promoción non está sendo eficaz porque gastamos máis cartos, 5 millóns de euros máis, mentres o número de usuarios baixa co que é verdade que non se chega ao equilibrio orzamentario que faga rendible o transporte público nesta cidade.

Os cidadáns, aos que lles agradecemos as súas queixas nas redes sociais, detectan problemas como o das tarxetas de pensionistas, a falla de información sobre liñas e

custes, que non existe unha equidade do servizo entre as liñas do centro e as das parroquias con demoras de paso de ata sesenta minutos sendo totalmente ineficientes e creando como dous “Vigos”, un do centro e outro das zonas parroquiais.

Vostede prometeu que diminuíría as frecuencias de paso e que se daría mellor servizo, pero por agora non se fixo absolutamente nada. Temos falla de servizos en barrios como Roteas-Coruxo, zonas de Cabral, Alcabre; fallan servizos de enlaces fundamentais con outros transportes como o tren ou o bus do aeroporto; fallan enlaces e son escasas as liñas dos polígonos industriais e zonas universitarias; non se lle dá importancia ao transporte en zonas históricas, quedando isto patente coa desaparición do bus eléctrico e non se mellorou nada a accesibilidade no transporte público.

Como dicía, todos estes problemas puntuais derivan da falla de arranxo e da ineficiencia da xestión dos problemas globais como son a falla de estratexias de potenciación, difusión e información sobre os beneficios dun transporte urbano e interurbano. Disto si podemos falar, Sr. López Font, da inexistencia de estratexia de enlace a través de estacións nodais dentro das propias liñas ou con outros servizos de transporte como pode ser o tren, barco ou avións; aparcadoiros disuasorios que contén con transporte urbano que, Sra. Abelairas, aí tamén están bloqueadas as estratexias e posibles investimentos e dígolle isto a vostede porque antes dixo que as outras administracións non invisten aquí, pero eu penso que é falso. Hai liñas de transporte urbano que están obsoletas, falla o estudo conxunto con ferramentas actuais entre a concesionaria, técnicos municipais e departamentos especializados da Universidade de Vigo para mellorar a eficiencia dos percorridos e frecuencias e estudos que busquen fórmulas de axudas para a redución de tarifas tal e como di o Bloque Na

Emenda formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, por escrito de data 21 de setembro:

Engadir un punto co seguinte texto:

“Instar ao goberno municipal a que antes do remate do ano, presente un estudo que busque fórmulas que permitan aos colectivos máis desfavorecidos da cidade incorporarse ás vantaxes e axudas na redución de tarifa que existen para outros”.

Coa conformidade do relator da moción, Sr. Araújo Pereira, a Presidencia somete a votación a anterior emenda do Grupo municipal do BNG.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito acórdase aprobar a emenda presentada polo Sr. Alonso Pérez do Grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar ao Goberno Municipal a axilizar os trámites para a obtención das tarxetas de Pensionista I e II para o transporte urbano.

Segundo.- Instar ao goberno municipal a que antes do remate do ano, presente un estudo que busque fórmulas que permitan aos colectivos máis desfavorecidos da cidade incorporarse ás vantaxes e axudas na redución de tarifa que existen para outros.

4.3.-(184).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A NEGOCIAR COAS CONCESIONARIAS MUNICIPAIS A REBAIXA DAS TARIFAS. EXPTE. 529/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de setembro, número 529/1101, o voceiro do Grupo municipal Popular D. José Manuel Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“O contexto de profunda crise económica no que se atopa a economía española están levando ao actual goberno a realizar importantes axustes na economía española.

O Goberno municipal lonxe de alentar aos cidadáns en contra das medidas do goberno debería facer unha auténtica xestión, pola que lle pagamos os vigueses, e comprometerse coas empresas concesionarias a rebaixar os custos dos servizos e que estas rebaixas se trasladan directamente ás tarifas e prezos públicos que os cidadáns pagan polas prestacións municipais.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

Instar ao Goberno do Municipal negociar coas concesionarias municipais a rebaixa dos custos dos servizos, trasladando de xeito inmediato estas rebaixas ás tarifas que abonan os vigueses e viguesas”.

A Comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 17 de setembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: No contexto de profunda crise económica que nos trouxo o Partido Socialista logo de gobernar en España durante oito anos, na economía das familias e das empresas de Vigo estanse realizando bastantes e importantes axustes.

O goberno municipal da cidade Vigo en troques de criticar estas medidas que está tomando o goberno e que non lle gustan a ninguén, debería facer unha mellor xestión e comprometerse coas empresas concesionarias para rebaixar o custe dos servizos e que estas rebaixas se trasladan directamente ás tarifas e prezos públicos que os cidadáns pagamos por estas prestacións municipais.

Por iso o obxectivo desta moción é que o goberno municipal negocie coas concesionarias a rebaixa do custe dos servizos, trasladando de xeito inmediato estas rebaixas ás tarifas que aboamos os vigueses e as viguesas. Porque hai que dicir, señores do Partido Socialista, que dende que o alcalde é Abel Caballero Vigo é o paraíso das concesionarias. Poremos varios exemplos.

O primeiro exemplo é o máis sangrante, o recibo da auga, o recibo de Aqualia. O alcalde negociou con Aqualia unha ampliación do contrato, que xa ía rematar, por cinco anos máis, ampliación que pagaremos todos os vigueses estes cinco anos. Cando estaba a piques de rematar este contrato e poderíase pagar por consumo, imos pagar por un canon fixo porque ao Sr. Alcalde lle petou negociar con Aqualia. As súas razóns terá. Tamén o Sr. Alcalde se negou a realizar unha auditoría do Servizo de augas que esixía o anterior interventor municipal e cremos que esa é

unha das causas pola que o cesaron do seu posto de traballo e agora está prestando os seus servizos no Concello de Santiago.

Respecto á auga esquecense, señores do Partido Socialista, que a auga de Vigo é a máis cara de Galicia, que é un servizo básico e que os vigueses pagan por unha auga que non están consumindo. En definitiva, redondeou o negocio da auga por cinco anos máis cando non había ningunha necesidade e a oposición non llo demandaba.

Respecto ao lixo máis do mesmo. Modificaron vostedes o contrato perdoándolle á concesionaria, "Fomento de Construcciones y Contratas", a construción dun centro ecolóxico de 600.000 euros. Trasladaron parte dos servizos que prestaba a dita concesionaria aos beneficiarios do Plan de emprego para falsear as cifras dos seus fracasados plans municipais de emprego e ademais perdoarlle 400.000 euros máis á concesionaria do lixo.

En resume, a concesionaria do lixo paga 1.000.000 de euros menos ao ano, pero os vigueses pagan 11 euros máis no recibo dende que Caballero é alcalde; subiu un 15%.

Se falamos do transporte urbano, Vitrasa é outra concesionaria máis que fai un negocio redondo con D. Abel Caballero. Negociaron vostedes ás agochadas unha ampliación do contrato mentres son incapaces de trasladarlle esa subida de 2 céntimos do IVE á concesionaria. En todas as cidades de Galicia subiu o IVE pero só subiu o prezo do Vitrasa na cidade de Vigo; tanto A Coruña, como Santiago, Lugo e Ourense non lles trasladaron esta subida do IVE aos cidadáns. Aquí en Vigo non se preocupen que pagan os cidadáns esa subida do IVE. A consecuencia é que por primeira vez na historia o transporte urbano da cidade de Vigo perdeu no que vai de ano máis dun millón de pasaxeiros, incumprindo ademais esas promesas electorais do Sr. Alcalde polas que poría frecuencias cada cinco minutos no centro e quince nas parroquias.

Sobre o Auditorio "Mar de Vigo". Esta é outra concesionaria que fai un negocio redondo. A operación do auditorio é o maior escándalo desta cidade nos últimos anos. Temos un auditorio, a metade do que estaba presupostado, con case o dobre de anos de concesión, pero lle regalaram 150 millóns de euros de beneficios á concesionaria que van pagar todos os vigueses, ademais dos 5 millóns de euros que tivemos que pagar por un desfase no plan económico-financeiro.

Por todo isto esixímoslles que traballen para os vigueses e non para as concesionarias.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Outra máis dunha incoherencia política clara e evidente. Analizaremos por partes.

En primeiro lugar, en canto ás concesionarias estamos totalmente de acordo co Sr. Fidalgo e opuxémonos xa no seu momento a esas ampliacións, tanto á de Aqualia como a do Auditorio. Pero cando di que Vigo é o paraíso das concesións tamén aí ten razón porque hai unha gran concesión moi preto de aquí que a do novo hospital de Vigo que miren vostedes que esa si é unha concesión millonaria que lle vai custar aos galegos e ás galegas cinco veces máis ca se se fixese un hospital público.

Aí está a gran incoherencia e indecencia política de falar aquí de concesións cando vostedes teñen o negocio do século, estanllo dando a unha concesionaria e, atención, tratando coa saúde das persoas.

Pero logo se fala de rebaixa de tarifas, cousa coa que nós estamos de acordo. Pero saben por que os veciños e veciñas de Vigo estamos pagando máis nas nosas tarifas? Dareilles datos. Eu estou pagando máis polo recibo da auga da miña casa, e ao igual ca min outras familias, porque neste último recibo aparecía un concepto que era canon da Xunta de Galicia. Por iso as familias de Vigo están hoxe pagando a auga máis cara, é por culpa da Xunta de Galicia, pero eu non lle escoitei, Sr. Fidalgo, dicir nada en contra deste canon, é máis, ao igual que pasou antes coa Deputación, cando o BNG trouxo aquí a votar que se derogara ese canon, vostedes dixeron que non, dixeron que estaba ben. Vostedes hai uns meses dixeron neste Pleno que estaba ben que a Xunta lles cobrara un canon aos vigueses e ás viguesas. Dixeron iso e agora veñen aquí falar dos recortes das concesionarias.

Dende hai algúns anos as familias de Vigo estamos pagando moito máis pola luz e iso é porque as políticas do Partido Popular, do Sr. Aznar e compañía, de liberalización das empresas fixeron que agora as empresas de alumeadado cobren practicamente o que queiran sen ningún tipo de control.

Os galegos e galegas, os vigueses e as viguesas pagamos máis pola enerxía cando somos excedentes da enerxía e isto é porque un bo día veu o Partido Popular e, por poñer un exemplo, paralizou un concurso eólico que un tribunal dixo que era

absolutamente legal, que crearía catorce mil postos de traballo e podería traer outras infraestruturas para Galicia.

Esa é a incoherencia política porque ademais as familias viguesas agora pagamos máis por todo porque foi o Sr. Rajoy quen subiu o IVE, ata pagamos un 17% máis no material escolar porque foi o Sr. Rajoy quen subiu os impostos.

Por favor, señores do Partido Popular, teñan coherencia política porque esta cidade está sufrindo as consecuencias dunha crise económica que non foi culpa dos traballadores e traballadoras, senón que foi culpa das políticas do Partido Popular que está atendendo rápida e velozmente ás necesidades dos grandes mercados e da gran banca e para poder facer iso grava ás familias menos favorecidas.

En todo caso, dende a coherencia nós si que estamos de acordo con esta moción. Cremos que o goberno municipal si ten que facer esforzos para que as concesionarias poidan rebaixar tamén as súas tarifas. O goberno local non pode mirar cara outro lado, non pode dicir que a culpa é de Rajoy e quedar quieto; puido facer moito máis para que Vitrasa non aplicara o IVE.

Dende o Bloque Nacionalista Galego agardamos que fagan moito máis porque non abonda só con ampliar a concesión, cousa que é negativa e que xa criticamos. Hai que obrigas a esas grandes concesionarias a que rebaixen as tarifas que logo repercuten na cidadanía, ao igual que fixeron con outras máis pequenas.

Presentamos unha emenda porque o BNG non vai defender ningunha rebaixa de custes que poña en perigo os postos de traballo ou as condicións laborais dos traballadores e traballadoras desa concesionaria. Se esa concesionaria reduce custes terá que ser por conta dos seus beneficios que son moitos, non por conta das condicións laborais dos traballadores e traballadoras.

SR. LÓPEZ FONT: Primeiro agradecer a presentación desta moción porque non deixa de ser un recoñecemento do que fixo o alcalde de Vigo neste último ano.

Na confección do orzamento para o ano 2012 a política foi a de intentar que as concesionarias baixasen o canon sen que o emprego decrecese e sen minguar o servizo. Esta foi unha política de D. Abel Caballero que trasladou á Federación Española de Municipios e Provincias onde está servindo de modelo.

O Sr. Figueroa dicía antes que Vigo está illado, pero eu cando vexo as fotografía de El Rei recibindo á Federación Española de Municipios e Provincias, Sr. Fidalgo, non

vexo a ningún de vostedes nunha fotografía desta importancia.

Estamos de acordo en negociar coas concesionarias e así teñen vostedes o acordo da Xunta de Goberno do que se rebaixou a concesión de xardíns, de limpeza e da rede semaforizada. Esta é a política que levaremos con todas as concesionarias pero sen demagogia porque o goberno de D. Abel Caballero non deu ningunha concesión das que vostedes falan hoxe e polo tanto cando falan vostedes de que hai que actuar sobre as concesionarias, teñen que saber que primeiro hai que actuar sobre o equilibrio económico-financiero. Maxino, Sr. Fidalgo, que o que non quere dicir neste Pleno é que rebaixemos as concesións só no goberno municipal de Vigo e que o resto dos gobernos nos que está o Partido Popular no actúen sobre esta situación.

Sobre as concesionarias desta cidade vostedes deberían comezar falando sobre a concesión do XER que deron no primeiro semestre do ano 2007, sendo tenente de alcalde o seu voceiro e anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e tamén da concesión do guindastre que é certamente gravosa para esta cidade e que tamén se realizou sendo tenente de alcalde o voceiro do seu grupo.

Coido que poucas leccións nos teñen que dar vostedes sobre as concesionarias. Moi pola contra, como lles dicía, o alcalde aplicou na negociación dos orzamentos do ano 2012 unha política tendente á redución das concesións.

O sorprendente é que vostedes no Partido Popular non se poñen de acordo porque hai un anteproxecto de lei para a racionalización e sustentabilidade da administración local que literalmente di que “Polo RD se establecerán estándares de calidades para todos ou algúns dos servizos previstos que servirán de base para fixar os recursos financeiros”. O goberno do Sr. Rajoy está intentando que os concellos non poidamos subvencionar servizos que damos aos cidadáns. Vostedes aquí xustamente o que propoñen é todo o contrario.

O Sr. Figueroa falaba de colaboración no nome do seu grupo. Nós pedímoslles colaboración e por iso presentamos unha emenda para que vostedes eviten con esa colaboración todos os recortes que están sufrindo os cidadáns en España e os vigueses en particular, o Sr. Domínguez Olveira mencionaba algúns.

Agardamos polo tanto que voten a favor desta emenda de engadido que lles presentamos porque maxino que tamén estarán de acordo en rebaixar o IVE, en eliminar o co-pagamento dos medicamentos, porque maxino que falando de

concesionarias estarán de acordo con que a subida que tivo a peaxe do tramo Vigo-Pontevedra por riba do 10% máis outro 7%, é excesiva.

Falando de recortes, aínda que xa votaron en contra neste Pleno, estarán a favor de restituír a paga extraordinaria dos empregados públicos, pero tamén o estarán, tal e como recollemos aquí, en instar á Deputación provincial de Pontevedra a que leve a cabo esta negociación coas concesionarias e dende logo en instar á Xunta de Galicia a que non se aplique o 67% de subida ás taxas universitarias, a derogación do canon da auga do que se falou antes ou en deixar sen efecto a subida do 27% nas escolas infantís.

Polo tanto espero que haxa coherencia e agardo que apoien este texto.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Moitas gracias, Sr. Domínguez Olveira, por falar do hospital porque así lle podo mostrar a fotografía do hospital que está construíndo a Xunta de Galicia na cidade de Vigo. Non é unha maqueta que é o que facía o Partido Socialista cando gobernaba na Xunta. Vostedes presentaban maquetas e esta é unha obra que non se pode paralizar, é a obra do hospital público de Vigo da que estamos ben orgullos e que demostra o compromiso de D. Alberto Núñez Feijóo coa cidade de Vigo. Como tamén o demostra coas axudas que está dando ao sector naval, o compromiso co campus do mar, a depuradora, as axudas á automoción, ás Pemes, as novas prazas de garderías, escolas infantís e centros de día que puxo en marcha D. Alberto Núñez Feijóo durante tres anos e medio cun orzamento 30% máis baixo ca o que xestionaban vostedes en plena bonanza económica.

Sr. Domínguez Olveira e Sr. López Font, Vigo si é o paraíso das concesionarias e o alcalde é o alcalde que máis subiu os impostos na recente historia da cidade, un 14,6% de subida de impostos que hoxe criamos que debateríamos neste Pleno pero o Partido Socialista tivo que dar marcha atrás porque de cando en vez se decata de que non ten os votos suficientes e que ten que contar co Bloque Nacionalista Galego. Aínda que co talante que demostrou o alcalde hoxe neste Pleno, non sei eu se esa será unha boa forma de facerse amigo do Bloque Nacionalista Galego.

O resultado da mala, da pésima xestión de seu é que os vigueses, porque falamos de Vigo, estamos pagando o IBI máis caro de todas as cidades de Galicia: 0,78% sobre o valor catastral. Tamén pagamos o imposto de circulación máis caro de Galicia: 61 euros; a auga máis cara de Galicia e non porque haxa un canon da auga

que substitúe ao canon de saneamento, Sr. Domínguez Olveira, senón porque o alcalde, non sabemos por que intereses escuros que nunca aclarou, si deu unha concesión de cinco anos máis a unha concesionaria e non sabemos a cambio de que.

Tamén pagamos o bono-bus e o transporte urbano máis caro de Galicia. Este é o único concello que non lle trasladou á concesionaria a subida do IVE que pagan os vigueses.

A PRESIDENCIA: Procederemos á votación pero non sen lle dicir antes que neste Pleno non se podían debater os ingresos porque os prazos non o permitían. Logo da aprobación en Xunta de Goberno precisan uns prazos e aínda non se convocou a comisión informativa, non se abriron os prazos de alegacións e polo tanto non se convocou a comisión final. Se vostedes nos dan permiso poderemos facelo sen eses trámites pero tremo que sería ilegal e por tanto recorrible.

Con respecto á auga, séguese cobrando a mesma tarifa ca cando gobernaba a Sra. Porro.

Aceptan as emendas presentadas?

SR. FIDALGO IGLESIAS: A emenda do Partido Socialista non a admitimos pero si a do Bloque Nacionalista Galego.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, por escrito de data 24 de setembro para engadir ao texto da moción:

“Instar ao goberno municipal a negociar coas concesionarias municipais a rebaixa dos custos dos servizos, mantendo os equilibrios que figuran nos contratos coas mesmas, sen que isto implique un desembolso de cartos a maiores para os concellos, nin a mingua nas prestacións dos servizos. Ao mesmo tempo demandamos as seguintes medidas:

Instar ao goberno da nación:

- Retirar o anteproxecto de Lei que establece que os servizos deban equilibrarse.
- Incrementar o financiamento e achegas ao transporte público.
- Deixar sen efecto a suba do IRPF
- Rebaixar o IVE
- Eliminar o co-pagamento nos medicamentos
- Instar a AUDASA a deixar sen efecto o incremento do 10% que sufriu a peaxe

- no tramo Vigo-Pontevedra nos últimos seis meses
- Eliminar a subida da luz
 - Eliminar a subida do gas
 - Restituír a paga extraordinaria dos empregados públicos

Instar á Deputación provincial de Pontevedra a:

- Instar ao goberno provincial a negociar coas concesionarias provinciais a rebaixa dos custos dos servizos, trasladando de xeito inmediato estas rebaixas ás tarifas que abonan os cidadáns.

Instar á Xunta de Galicia a:

- Rebaixar as taxas universitarias
- Derrogar o canon da auga
- Deixar sen efecto a subida das taxas nas escolas infantís
- Eliminar o co-pagamento de medicamentos
- Achega de 10 millóns de euros ao transporte público
- Rebaixa nos prezos que SOGAMA lle cobra ao Concello de Vigo
- Anular a subida na taxación dos bens inmoables para o pagamento do imposto de plusvalías
- Restablecer a gratuidade dos libros de texto
- Restituír a paga extraordinaria dos empregados públicos”.

O relator da moción, Sr. Fidalgo Iglesias, rexeita a anterior emenda presentada polo voceiro do Grupo municipal Socialista, polo que a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.

Emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, por escrito de data 24 de setembro para engadir ao texto da moción:

Engadir ao texto da moción: “garantindo os postos de traballo e as condicións laborais dos traballadores e traballadoras”.

Coa conformidade do relator da moción, Sr. Fidalgo Iglesias, a Presidencia somete a votación a anterior emenda presentada polo voceiro do Grupo municipal do BNG.

(Nas votacións está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito acórdase aprobar a emenda presentada polo

voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira co texto transcrito anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Instar ao goberno municipal a negociar coas concesionarias municipais a rebaixa dos custos dos servizos, trasladando de xeito inmediato estas rebaixas ás tarifas que abonan os vigueses e viguesas e garantindo os postos de traballo e as condicións laborais dos traballadores e traballadoras.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e corenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ao libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme co previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.